

**DEPUTACION PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**ACTA da Sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de OUTUBRO DE 2001**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 26 de outubro de 2001, ás doce horas.

### **ASUNTOS:**

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 11/01, celebrada o día 28 de setembro de 2001.

2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 15.300 deica a núm. 17.099.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

3.- Aceptación da delegación da recadación da taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que xestiona o Consorcio das Mariñas.

4.- Aceptación da delegación de competencias en materia tributaris polos concellos da provincia.

5.- Modificación das Ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos que rexerán para o exercicio 2002.

### **Cooperación e Asistencia a Municipios.**

6.- Informe da deputación sobre o cambio de capitalidade do concello de Narón.

7.- Informe da deputación sobre o proxecto de estatutos da Mancomunidade de concellos da comarca de Compostela.

8.- Aprobación do Plan de temporais 2001, apartado de danos producidos nas estradas provinciais.

9.- Aprobación da modificación do proxecto da obra Biblioteca municipal de Narón, incluída no POS 2000. Código 00.2100.0279.0.

10.- Aprobación do proxecto reformado da obra Beirarrúas en Ponte do Porto, do concello de Camariñas, incluída no POS 2001, co código 01.2100.0076.0.

### **Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

11.- Aprobación do proxecto reformado da obra Piscina cuberta do concello de Carballo, incluída na 1ª fase da Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación no marco do Convenio Xunta-Deputación 1997-2001, para a reforma e construción de instalacións deportivas. Código 99.7450.0001.0.

12.- Aprobación da modificación do proxecto da obra Campo de fútbol Fontes Algueiras, do concello de Corcubión, incluída na anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001. Código 98.3420.0027.0.

13.- Aprobación do proxecto reformado da obra Piscina cuberta do concello de Melide, incluída na 2ª fase da Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación no marco do Convenio Xunta -Deputación 1997-2001, para a reforma e construción de instalacións deportivas. Código 99.7450.0017.0.

14.- Aprobación da 7ª fase da Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 1997-2001, para a reforma e construción de instalacións deportivas.

### **Vías e Obras**

15.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2001, 3ª fase.

### **Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social**

16.- Proxecto reformado de instalación de protección civil de Arzúa.

17.- Subvención para os gastos correspondentes á 39ª edición da Feira de Mostras do Noroeste

18.- Relación da segunda fase do Plan XXI de obras e subministracións.

19.-Formalización de Convenio administrativo proxecto unións agrarias, programa ECUAL.

20.- Convenio de urbanización de Polígono de Tambre.

21.-1ª relación do Plan XXI para o fomento do turismo da natureza na provincia da Coruña.

22.- Pagamento de subvención nominativa ó Colexio de Xordos Nsa. Sra. do Rosario.

23.-Proposta de convenios de cooperación cos concellos da provincia para a prestación, implantación e funcionamento dos servizos sociais municipais, período xullo 2001/dembro 2003.

24.- Proposta de convenios de entidades sociais: convenio coa entidade Asfedro de loita contra a droga, para rehabilitación do centro terapéutico de Confurco.

25.- Convenio coa entidade Remanso para construción do equipamento da piscina cuberta municipal.

### **Cultura, Deportes e Xuventude**

26.- Convenio co concello de Carballo para o financiamento do equipamento da piscina cuberta municipal.

27.- Ratificación da integración da Deputación da Coruña no Padroado do Museo do Pobo Galego, como Patrón Institucional e aboamento das achegas correspondentes ós anos 2000 e 2001.

28.- Ratificación da integración da Deputación da Coruña na Fundación Galicia Europa como Membro Asociado e aboamento das achegas correspondentes ós 2000 e 2001.

### **Central - Actas**

29.-Proposición da presidencia: Cambio de data da sesión ordinaria do Pleno de novembro de 2001.

30.- Proposición da presidencia: Renuncia do Diputado Provincial D. Manuel Moscoso López. Toma de coñecemento e declaración de vacante.

31.- Proposición da presidencia: Renuncia do Diputado Provincial D. Jesús Villamor Calvo. Toma de coñecemento e declaración de vacante.

Proposición da presidencia: Renuncia do Diputado Provincial D. José Toja Parajó. Toma de coñecemento e declaración de vacante.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIONES  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE OUTUBRO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 26 de outubro de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE

DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DON JOSÉ TOJA PARAJÓ	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Escúsase a Sra. Santiago López.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, en relación ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

Sr. presidente

Se lles parece ben, antes de comezar esta sesión temos un minuto de silencio polo falecemento dese gran pintor, ese gran surrealista da nosa época, Eugenio Granell.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚM. 11/01, CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2001.**

Apróbase a acta da sesión anterior, núm. 11/01, celebrada o día 28 de setembro de 2001.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 15.300 DEICA A NÚM. 17.099.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 15.300, deica a núm. 17.099.

**3.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DA RECADACIÓN DA TAXA POR RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS QUE XESTIONA O CONSORCIO DAS MARIÑAS.**

## INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Moi brevemente, e ademais en función desa brevidade tamén unificar co punto nº 4 porque en realidade son practicamente acordos similares, adiantar o que xa dixemos na comisión cando se iniciou este debate respecto dese novo ciclo que comeza agora coa delegación de competencias en materia tributaria por parte dos concellos da provincia, pois nese debate no que nosoutros participamos e podemos achegar ás nosas ideas xa dixemos que naturalmente nosoutros mantiñamos unha discrepancia de fondo que non afectaba tanto á proposta que facía a deputación senón a como nosoutros entendiamos a articulación dun sistema de tributación no conxunto dos concellos. En calquera caso, e en función tamén do que foi o resultado final, nosoutros tamén adiantabamos que o BNG non ía, nin moito menos, a impedir que se confirmaran eses acordos, e que unha cousa era a discusión política e outra a autonomía municipal, estamos agora nunha fase na que os concellos tomaron libremente a decisión que consideraron máis oportuna, e polo tanto a posición do BNG vai ser a de abstención, pero entendendo tamén que aquí se produciu un proceso normal, total e absolutamente, e que iso, en todo caso, non quere dicir que non puidera haber ideas ou alternativas ó proceso que agora se vai conformar, pero que dalgunha maneira parece que aínda non é o momento de que se materialicen, en concreto queremos referirnos á posibilidade de que en lugar do sistema que vai confirmar a partir da aprobación do día de hoxe, pois por exemplo a existencia de sistemas comarcalizados.

En calquera caso, xa digo, nosoutros queremos respectar a decisión libre e soberana que tomaron os concellos, e nese senso que se entenda a nosa posición de abstención, tanto no punto nº 3, que afecta ó consorcio das Mariñas nun imposto concreto, que é o de residuos sólidos, como ó seu conxunto ó punto nº 4.

Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

O grupo socialista vai unificar tamén a intervención dos puntos 3 e 4, é dicir, a delegación da recadación da taxa por recollida de lixo e de tratamento de residuos sólidos do consorcio das Mariñas, e a aceptación das competencias en materia tributaria polos concellos da provincia que así o solicitaron a esta deputación.

Adiantar que en ámbolos puntos o noso voto vai ser afirmativo, e estivemos de acordo, así o expuxemos no seu momento, cando se tratou de aprobar neste pleno o

convenio con distintos concellos, porque nos gustaron as formas con que se levou o tema e gústanos o fondo da ordenanza nº 5, á cal me referirei a continuación.

En primeiro lugar, direi que vemos favorablemente que os municipios se agrupen en consorcio, como é o caso do consorcio das Mariñas, para conseguir determinados fins, que o que se vai conseguir con isto é dar un servizo mellor ós cidadáns e polo tanto un servizo mellor e mesmo menos custoso. E en segundo lugar, porque as competencias en materia tributaria que neste momento, se non me corrixe o voceiro do grupo popular, temos en 79 máis 4, 82 concellos, practicamente estamos na mesma situación ca no exercicio anterior, no período pasado de dez anos, e que non dubidamos de que aquí a deputación está cumprindo unha das competencias claras e concretas que marca a lei de bases de réxime local, que é a asistencia técnica, económica e xurídica ós concellos, sobre todo a aqueles que teñen máis dificultades para prestar servizo ós seus cidadáns.

O grupo socialista tivo distintas iniciativas nos tres últimos exercicios, e presentou distintas valoracións con respecto á ordenanza fiscal nº 5, que é a que trata en concreto da recadación, ó que hai que unir, indubidablemente, a xestión tributaria e tamén a inspección. Neste caso, a forma levada polo Sr. Erias, con dúas reunións monográficas con representantes dos distintos grupos que teñen representación nesta institución provincial, e as súas visitas a determinadas comarcas, que na de Betanzos tiveron ocasión persoalmente de participar, conseguimos, e digo conseguimos porque foi un feito consensuado, como hai que facer as cousas de cara ó ben dos concellos e dos cidadáns da provincia, conséguese o aboamento do 5% en voluntaria, do 75% en executiva, prodúcese un servizo que vai ser menos custoso para os concellos fanse once entregas a conta, cunha adicional no mes de decembro, e logo a liquidación, como se viña facendo, nos tres primeiros meses do ano que segue, e o cálculo da porcentaxe pasa do 75% ó 80%. E aquí o grupo socialista quere instar ó grupo de goberno a que se mellore esta porcentaxe, a que se estudien posibles melloras, sabemos que é un esforzo grande para a Deputación Provincial, pero temos que darnos conta de que a deputación, como concello de concellos, ten que velar por eles, e ten que velar neste caso, desde o punto de vista económico porque todos sabemos, os municipalistas, os problemas que estamos tendo nos concellos, sobre todo naqueles máis pequenos, cando chega sobre todo ó final de ano.

O grupo socialista quere insistir tamén, e quere ratificarse na súa intervención da comisión de que hai que seguir reforzando e tecnificando as distintas zonas comarcais de recadación, e aquí, dentro da casa, a nova contribución debe ser chegar a ter novas instalacións, perfectamente modernas e concentradas para dar un servizo desde aquí o máis adecuado posible. Por estes motivos, e porque o servizo, entendemos, que vai seguir mellorando, e así vai repercutir en ben de tódolos cidadáns que comportan a provincia da Coruña, no punto 3 e no punto 4, como anunciei ó principio da intervención, o noso voto vai ser afirmativo.



Moitas gracias.

Sr. Erias Rey

Neste punto, en primeiro lugar, o que quero é agradecer a confianza de tódolos concellos para que a Deputación provincial lles preste ó longo de dez anos un servicio que cremos que é importantísimo para tódolos veciños da provincia da Coruña, non só para os concellos, senón tamén para os veciños. Nisto a deputación fixo un gran esforzo, pero non cabe ningunha dúbida de que sen o apoio dos concellos poderíamos estar agora nunha situación diferente. Afortunadamente, os municipios ós cales se lles prestou a proposta que imos desenvolver para os vindeiros dez anos, estimaron que era unha proposta que, aínda que mellorable, como tódalas cousas, e nese senso dígolle ó Sr. Lagares que el sabe ben que intentamos desenvolver un consenso pero que tamén a deputación ten que, responsablemente, asumir ata onde pode chegar, e non entramos nun regateo, estamos vendo que era o que podíamos facer, isto foi o que ofrecemos, e non caiba ningunha dúbida ós Sres. deputados que se é posible intentaremos mellorar os temas que el nos presenta. Pero de todos modos, o que si hai que intentar recalcar hoxe, que se trae aquí a aprobación, é que se lle deixou liberdade a tódolos concellos para que decidiran o que estimaban máis oportuno, o convenio vencía e desde a liberdade optaron por continuar coa deputación. Probablemente, outros grupos políticos teñan outra idea de cómo hai que facer as cousas, pero os que son responsables na nosa provincia decidiron que o que a deputación lles presentaba era adecuado. É máis, mesmo, como ben di o Sr. Lagares, no tema do que é o consorcio da área metropolitana da Coruña optaron tamén libremente por que fora a deputación quen lles prestara ese servicio, e saben ben os que participan neste tipo de temas que había outras empresas que podían prestar o servicio. Se optan responsablemente por isto é porque en principio a deputación tamén está ofrecendo uns servicios de calidade a un prezo razoable e cunhas esixencias que eu creo ¿que poden mellorarse?, pero que en todo caso estamos facendo un gran esforzo. Por iso reitero o agradecemento ós grupos polas palabras.

En todo caso, digo que se optamos por este camiño era o que responsablemente a deputación podía facer e creo que tamén se abre unha porta para que reforcemos no seu día os servicios comarcais, e para que asemade tamén fagamos un esforzo orzamentario. Pero reiterando ese agradecemento, tamén queremos facelo extensivo a tódolos concellos e ás súas corporacións, e agardamos non defraudar nas esperanzas postas.

Moitas gracias.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 2 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aceptar a delegación polo Consorcio das Mariñas, da recadación da taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que xestiona a dita entidade, nos termos seguintes:

1.-Recadación voluntaria das cotas correspondentes á taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, con excepción daquelas cotas que se recaden conxuntamente coa taxa por subministración de auga por medio das empresas subministradoras.

2.-Recadación executiva de tódalas débedas correspondentes á taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que non sexan ingresadas en período voluntario.

O marco de desenvolvemento da delegación será o mesmo que para os concellos, é dicir, as bases para a prestación de servicios tributarios ós concellos da provincia aprobados pola deputación na sesión celebrada na data do 29.06.01, aínda que deixando sen efecto, debido á natureza mesma do consorcio, o apartado 1º da base terceira (contido mínimo) e substituíndo os termos “concello” e “concellos” por “Consorcio das Mariñas”.

Tamén se deixará sen efecto, por razóns de urxencia de prazos, o disposto na novena das ditas bases respecto da tramitación dos acordos de delegación e aceptación. Ámbolos acordos publicaranse simultaneamente no Boletín Oficial da Provincia, abrindo un prazo dun mes para a presentación de alegacións sobre este respecto. De non presentarse ningunha, a delegación entenderase automaticamente aceptada, e entrará en vigor o vindeiro día 1 de xaneiro de 2002.”

### **4.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLOS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)  
Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de xestión, inspección e recadación de tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público de carácter municipal que foi acordada no marco das bases para a prestación de servicios tributarios ós concellos da provincia, aprobados por esta corporación na sesión celebrada o pasado día 29 de xuño, polos concellos de Abegondo, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, A Capela, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Cesuras, Coirós, Corcubión, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Fisterra, Frades, Irixoa, A Laracha, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Muros, Muxía, Neda, Negreira, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza dos Ríos, Paderne, Padrón, O Pino, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmaior, Vilasantar, Vimianzo e Zas. Estas delegacións acéptanse a expensas de que os correspondentes acordos municipais sexan definitivos, e entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2002.

2º) Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.”

### **5.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE REXERÁN PARA O EXERCICIO 2002.**

#### **INTERVENCIONS**

Sr. Rodríguez Doval

Eu estou revisando estes días a acta do debate que tivemos hai xustamente un ano sobre este mesmo tema, aínda que nunha situación un pouco diferente porque o que hoxe vén aquí digamos que trae outras decisións complementarias, pero en calquera caso sobre o trasfondo deste tema que dalgunha forma, afecta ó debate, ó noso xuízo, polo menos na nosa opinión, ó debate sobre as taxas e as ordenanzas fiscais, afecta a un debate que vai moito máis alá, e como nosoutros adiantamos o ano pasado, resúmese na capacidade financeira que ten esta deputación, e sobre todo no papel que temos que xogar na armazón institucional que existe. Aínda que a proposta de carácter técnico, porque se trata dalgunha forma da aplicación do IPC a algunhas taxas, na modificación doutras, e da adaptación do seu conxunto á nova moeda que vai ser obrigatoria, ó euro, hai, e eu creo que sería bo non

ocultalo, hai un debate de fondo que non se está dando, e que dalgunha forma, como dicía antes, resumíase e deuse, eu creo que dunha maneira bastante profunda, que non vou reproducir hoxe aquí porque non ten moito senso, pero que se daba hai agora xustamente un ano.

Por un lado, eu creo que nesta casa todos e todas somos conscentes de que a capacidade recadatoria que ten esta deputación, ó contrario do que pasa en moitísimos concellos nos que temos un debate sobre todo o que vai ser a política de taxas e prezos públicos porque constitúen un apartado importante dentro do que son as facendas municipais, dicía eu que o que se está vendo aquí e eu creo que se nos aparece sempre coma un espello cada vez que discutimos este tema tódolos anos é o exíguo que representa este capítulo dentro dos orzamentos da Deputación da Coruña. É un dato quizais fundamental para entender despois o propio funcionamento da institución, pero sigo poñendo encima da mesa a certa irracionalidade que hai en que unha institución que manexa uns orzamentos tan grandes como son os desta casa, despois no que é a distribución orzamentaria no capítulo de ingresos as taxas e prezos públicos supoñan un volume tan pequeno dentro do seu orzamento, e que é indicativo de que somos, como denominaba eu o ano pasado, unha institución, en certa maneira, subsidiada. Iso non sei se é bo ou malo, pero o que é evidente é que parece que non é moi normal cando o camiño que se está trazando desde o municipalismo, ó que aludía antes o compañeiro Lagares, pois parece que os tiros van por outro lado, é dicir, que se está buscando unha maior fiscalidade, unha maior capacidade, e unha certa autonomía financeira que tamén, ó final, é maior autonomía política por parte das institucións.

En calquer acaso, sen reproducir o que xa dicíamos, eu quería lembrar aquí que nosoutros o pasado ano fixemos unha especial insistencia, que seguimos mantendo, sobre a necesidade de modificación en concreto da ordenanza fiscal xeral, e que aludindo principalmente a un tema que ten que ver cos dous puntos que acabamos de aprobar hai un momento, que non quixen intervir neles, pero non porque non tivera unha opinión diferente, senón porque iso xa o deixamos claro no seu momento e que se refería concretamente ó tema da promoción dos servizos recadatorios a nivel comarcal. Este tema saíu no debate que tivemos nesas diferentes reunións, nas que discutimos esta cuestión, eu sei que hai un compromiso, polo menos verbal, por parte do equipo de goberno de que se vai prestar especial atención, pero nosoutros queremos aproveitar tamén esta intervención para dicir que esperamos que eses compromisos verbais se concreten nunha maior atención en canto a medios humanos e técnicos para que consigamos que efectivamente a descentralización sexa unha realidade, e sobre todo que os cidadáns e cidadás, que van ser a fin de contas os que van ter que botar unha man cando teñan problemas cos seus recibos, etc., etc., de toda esta gran maquinaria que poñemos á súa disposición non teñan por qué verse na dialéctica que se ven ás veces de por un problema dun bastidor, dun tractor etc., etc., ter que trasladarse ás oficinas centrais do servizo de recadación nesta cidade, na cidade da Coruña.

Polo tanto, eu espero que se materialice ese compromiso verbal en algo máis concreto, xa de cara ó futuro, unha vez que a partir do ano 2002 se poña a funcionar os convenios que hai un momento se acaban de aprobar.

Por outro lado, había un debate que segue aquí e que se solventa cunha aplicación da subida do IPC pero que non se vai ó problema concreto, que era efectivamente a situación dos centros que dependen aínda desta deputación, fundamentalmente dos que son de asistencia social, para os que unicamente o que se fai tamén é pedir esa aplicación do IPC.

E finalmente, un tema nuclear, baixo o noso punto de vista, que si é un tema de transcendental importancia política que é a contestación á pregunta do millón: ¿despois do IAE, que? Ese é un dos grandes problemas, o ano pasado debatíamos aquí este tema con maior insistencia, e xa vexo que o Sr. presidente da comisión, o Sr. Erias, debe saber o que hai despois do IAE, ¿non?, pero en calquera caso eu levo seis anos agardando, hai seis anos que está gobernando o Partido Popular no Goberno do Estado -ou cinco anos-, e eu sei que era unha das promesas electorais, non só lle deu grandes votos, que para eles supoño que será moi importante, senón que -e para min tamén é importante-, centrou as expectativas de moitos sectores que naturalmente están sendo afectados por un imposto que é, baixo o noso punto de vista, irracional. E polo tanto, claro, cinco anos agardando a que se materialice polo menos unha saída, eu xa sei que unha proposta ó mellor é moito máis complicado, o Sr. presidente da comisión adiantounos o outro día que parece ser que se está traballando nesa liña, pero claro, eu quero dicir que a recarga, máis nada có que supón a recarga da deputación sobre o imposto de actividades económicas nos concellos da provincia é unha cifra bastante substancial, bastante importante. E polo tanto, eu creo que non estamos falando de cuestións sen importancia, senón de cuestións xustamente con moitísima importancia. Xa sei que a quen lle compete dar unha solución a isto é o Goberno do Estado, pero eu síntome, como parte desta Corporación, preocupado, afectado, non soamente pola parte que nos corresponde, por ese ingreso que supón o IAE, porque non é soamente iso, a min non é que me preocupe a compensación á recarga que estamos aplicando, recarga coa cal nosoutros ademais -e aproveito para dicilo-, estamos total e absolutamente en contra, senón ó transfondo do problema, a como está afectando a millóns de persoas que están tributando cuns parámetros que nosoutros sempre consideramos irracionais. Entón, á parte de esperar a ver que fai o Goberno do Estado, eu creo que é bo que nosoutros activemos como parte en toda esta armazón institucional, que activemos unha busca de solucións, se se está negociando a través da Federación española ou galega, ou como sexa, eu creo que sería bo tamén que nosoutros desde aquí activemos a necesidade dunha solución o máis urxente posible.

En resumo, e concretando, creo que convertemos nun debate técnico, que é o tema este das ordenanzas reguladoras de prezos públicos e de taxas, pois convertémolo nun debate técnico, cando eu creo que é un debate que debería ir moitísimo máis alá porque afecta á propia virtualidade e ó propio funcionamento por parte da deputación.

Neste senso, nosoutros imos manter o mesmo posicionamento que mantivemos o ano pasado, que é un voto negativo, pero non tanto pola solución técnica que se lle busca senón porque o que estamos facendo é obviando e ocultando un problema que, máis tarde ou máis cedo se nos vai presentar, xa digo, porque afecta, naturalmente, ó que é a propia tributación nesta casa. Entón, neste senso concreto o noso posicionamento de voto negativo porque é un debate sesgado, é un debate incompleto, e o que estamos é esondendo a cabeza sobre unha cuestión transcendental que non estamos debatendo.

Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

O grupo socialista entende que é un debate importante ó das ordenanzas fiscais, sen dúbida as taxas e os prezos públicos, a apelación ó crédito e os ingresos patrimoniais son o único que ten de autonomía orzamentaria esta deputación. É dicir, repetir que a Deputación da Coruña, coma as outras deputacións, dependen fundamentalmente das transferencias correntes e de capital que recibimos tanto do estado como da comunidade autónoma, e en segundo caso en neta minoría.

Pero o que nos trae aquí hoxe, indubidablemente, é falar neste caso das ordenanzas que van rexer para o ano 2002. E nosoutros queremos destacar as novidades que se presentan, e o incerto que pode ser o inicio do exercicio 2002 coa chegada do euro. É a primeira vez que deixamos de facer as ordenanzas fiscais as institucións, neste caso a deputación, coa peseta, para confluír coa moeda da unión europea, que é o euro; vai ser unha novidade; é importante que a deputación siga facendo esforzos, tanto internos coma externos, de cara a dar exemplos de cómo hai que facer esa entrada, desde o punto de vista técnico, tanto na contabilidade coma nos distintos aspectos, insisto, tanto dentro como de cara ós concellos, cóstanos que algo se está a facer, e insistimos que isto ten que incrementarse o máis posible para que o día 1 de xaneiro esteamos en perfectas condicións de estar adaptados a unha nova moeda.

E xa concretando as ordenanzas fiscais, non me vou referir á nº 5, que xa o fixen na miña primeira intervención, fixo o grupo socialista a súa valoración, pero si ó resto das ordenanzas moi brevemente. En primeiro lugar, direi que se modifican no articulado a Ordenanza fiscal xeral, a ordenanza nº 2, referida ó Boletín Oficial da Provincia, tamén en dous artigos, a ordenanza nº 4, que fai referencia ó Polígono Industrial de Sabón, a nº 8, de

vías provinciais, e como dicía, a nº 5, que fai unha referencia á súa totalidade. E que por regra xeral prodúcese un incremento, nas que se incrementan, que non son todas elas, do 4%. E aquí o grupo socialista quere facer unha reflexión, que posiblemente non sexa o foro idóneo: este 4% tómase da inflación interanual entre o período abril 2000-abril 2001, eu creo que esta nota é un suspenso para o Goberno Central, este 4% rompe as previsións que marcou coa pauta que tiña nos orzamentos xerais do Estado o goberno, que sustenta a nivel de Estado o Partido Popular, e baixo o punto de vista do grupo provincial socialista isto é un suspenso na inflación para o Partido Popular.

En segundo lugar, insisto que hai algúns impostos, como é o imposto de actividades económicas, que se vai manter no mesmo criterio, lembrar que no seu momento, cando o grupo socialista tivo responsabilidades de goberno baixouse ó 25%, ó longo de varios anos insistimos no debate das ordenanzas fiscais de que se tivera en conta unha pequena baixada, e está situado neste momento no 20%, cousa que agradecemos.

E como non, falo da posible problemática da supresión do IAE. Nosoutros esperamos que os órganos municipalistas, tanto no eido galego, a FEGAMP, como no eido estatal, a FEMP, que fagan unha negociación concreta, e correcta, no momento que se produza. É necesario, se se cumpre o que dixó o actual presidente do goberno na anterior campaña electoral das eleccións xerais, que se vai suprimir o imposto de actividades económicas, todos esperamos que teñamos un imposto substitutivo, senón os concellos, e sobre todo algúns que teñen uns ingresos importantes, como é o concello da Coruña, por poñer un exemplo, irían automaticamente á bancarrota na política de ingresos. Polo tanto, se esperamos a responsabilidade, neste caso, desde o punto de vista da supresión do imposto de actividades económicas, de chegarse a producir, e con respecto ás ordenanzas fiscais, o noso voto vai ser igual que foi no exercicio anterior, vai ser un voto favorable.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Erias Rey

En todo caso, dicir dúas cuestións. A verdade é que creo que o punto 5 di: “modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos que rexerán o exercicio 2002”, podemos facer referencia, como anunciaba o señor voceiro do Bloque Nacionalista Galego, a toda a filosofía que hai detrás, a toda a capacidade que os organismos provinciais temos, ou que os concellos teñen, ou as dificultades financeiras, que a todos nos gustaría ter máis recursos para logo poder desenvolver máis gasto público; pero o que si é verdade é que aquí o único que fixemos con estas ordenanzas foi, aplicando a normativa vixente, revisar e actualizar dunha maneira moi prudente aquelas que criamos que era necesario facelo, e indiciándoo co IPC, non se fixo ningunha outra cousa, e o resto delas

adecuáronse ó que supón a entrada en vigor da nova moeda a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Esta corporación, desde logo eu creo que deu un gran avance no tocante a compromiso municipalista, e deu un gran avance no tocante a aposta pola xeración de riqueza e emprego, apoiando ós pequenos e medianos empresarios, igual que ó Partido Popular, noutros ámbitos, veno facendo. E quero dicir que reducimos a recarga provincial cinco puntos, pero parecíanos que nestes momentos, dado que se está en proceso de negociacións, dado que todos vostedes saben que, a diferenza doutros grupos políticos, que facían promesas para non cumprilas, a reputación e credibilidade do Goberno de España vén dada en que non só promete, senón que tamén cumpre. E como cumpre, eu non teño ningunha dúbida de que ós colectivos afectados se lles vai suprimir o IAE, non podemos dicir se se vai cambiar por outra figura tributaria, se é que van recibir algún tipo de compensación doutra forma. Non teño ningunha dúbida de que o que non sería responsable nestes momentos pola nosa parte sería continuar actuando sobre unhas recadacións que están aí, e que poden ser un indicador á hora do que vaiamos a recibir no futuro, e ben, actuar sobre isto creo que non sería a mellor maneira de traballar.

Por iso insisto en que, evidentemente, as taxas e prezos públicos pois representan o que representan nos orzamentos, de tódalas corporacións, non nos da Coruña, nos de tódalas corporacións de España, e remítome a calquera exemplo que poida ter vostede para testar que o que digo non é correcto. O que si tamén é verdade é que dentro da responsabilidade de cada Administración, e dentro da capacidade normativa, pois haberá novas oportunidades, e haberá, mesmo se están anunciando estes días que se vai descentralizar máis o gasto público, é dicir, que as corporacións locais van pasar dese 12%, 13%, que nestes momentos xestionan, ata probablemente niveis do 20%, 25%, ¿isto que vai supoñer? pois que tamén vai ter que asumirse nova capacidade para lle poder esixir ós veciños, esixirlle desde esas corporacións novos tributos e novos prezos públicos e novas taxas. Pero en todo caso, coa normativa vixente, e no momento no que estamos, o que nos corresponde é falar da revisión das ordenanzas fiscais para poder elaborar tentativamente o proxecto de orzamento do ano que vén. Repito, non o fixemos noutro senso que de modificar, indiciando co índice de prezos, aqueles que criamos que era necesario facelo; no resto, deixámolo como está, e adaptamos á legalidade o que supón a entrada na nova moeda.

Anunciarlles, porque o Sr. Lagares, e creo que o dicía con moi bo criterio, que o tema da introducción da nova moeda nos esixe a todos un esforzo, e nese esforzo a Deputación provincial constituíu unha comisión a través de tódolos servizos afectados, que está traballando tanto interna como externamente, tivemos xa varias reunións, temos documentos base que se van pasar a todos e cada un dos servizos, e o día 31, que é o vindeiro mércores, imos ter xa das últimas reunións. A partir de aí, o que estaba previsto era



elaborar un documento para a propia casa e para os servicios para que servira de guía, o que supón de adaptación en cada unha das dependencias, e tamén para os concellos, é dicir, nosoutros imos intentar, á parte de estar a disposición, que sempre o noso servicio é para calquera dificultade, pero tamén dar un documento base que sirva para ver aqueles puntos nos cales vai ser necesario tomar decisións que fagan basicamente que a nova moeda actúe neutralmente, é dicir, que polo feito de que exista este novo equivalente xeral non se produza ningún tipo de distorsión, a neutralidade vai estar garantida e os procedementos son os que a normativa legal nos esixe, e o que pasa é que nalgúns casos non cabe dúbida de que hai que sentarse a reflexionar e ver como nos afecta. Isto está moi avanzado, e repito que o día 31 de outubro teremos xa ese borrador que será un pouco as conclusións definitivas. Entón, creo que está ben preocuparse, pero que saiban que tamén nosoutros estamos ocupados en dar esas respostas.

(Sae o Sr. González Garcés).

E creo que máis nada, creo que podemos continuar falando do que queiramos, podemos pasar falando dez, quince minutos, dicindo argumentos sobre filosofía, pero non se trata de filosofía; aquí trátase de modificar as ordenanzas, nosoutros seguimos o procedemento, estrictamente técnico, non lle aplicamos ningunha valoración política, direi que temos o mesmo compromiso ca vostedes en reducir, na medida do posible, a fiscalidade, porque, Sr. Rodríguez Doval, vostede que está falando de moitas cousas, mire, vólle anunciar outra cousa que a Deputación da Coruña vai facer proximamente, imos facer unhas xornadas para intentar estudar o impacto da posible fiscalidade sobre as empresas de telecomunicacións e as empresas de enerxías renovables, porque isto probablemente sexa un camiño a avanzar dentro das capacidades normativas que as entidades locais poidan ter, pero claro, o que non podemos empezar é a establecer aqueles tributos nos cales non temos competencias, aqueles asuntos nos cales non se nos delegou presenza, simplemente co ánimo de aquí debater sobre a filosofía; eu aquí veño a debater sobre a filosofía que haxa que debater, pero o que teño moi claro é a responsabilidade que teño que desenvolver. Nestes momentos o que hai que aprobar son as ordenanzas fiscais, e vólle a reiterar que non hai ningún argumento onde non se vexa que este equipo de goberno e o seu presidente reduciu a recarga provincial sobre o IAE, prudentemente non lle tocamos, porque tamén queremos dar un signo de responsabilidade por posibles afectados, caso de que se utilizaran como indicador a recadación que teñen os organismos, neste caso, locais.

E en segundo lugar, vólle dicir que non temos ningún empeño en continuar aumentando a presión tributaria; o que queremos é ser máis eficientes: cos mesmos ingresos procurar facer máis cousas e mellor. E neste senso é como está traballando esta corporación.

Moitas gracias.

## Sr. Rodríguez Doval

Moi breve. A min alégrame a intervención do Sr. Erias porque ratificou en certa maneira o que dixen eu. Xa sei o que se está facendo aquí é xustamente o que se está facendo, é dicir, a aplicación dun criterio con carácter máis técnico que outra cousa, e precisamente iso é o que nosoutros estamos criticando como grupo político. Eu, desde que vostedes están gobernando nesta casa, nunca asistín a un debate onde se tratara encima da mesa o tema de fondo, e vostede está adiantando cousas que ademais chocan co que non está facendo esta deputación, porque vostede dime que a previsión é o que os concellos asuman novas responsabilidades, pin, pin, pin, e tal, e a esta deputación como lle chove de arriba todo, non asume... -¡claro!-...., aquí para o que nos convén somos unha institución local, pero vostede sabe que calquera comparación entre isto e un concello, vamos, é absoluta coincidencia, entre outras cousas porque aquí nosoutros non temos que vernos tódolos días cos problemas, nosoutros xestionamos, pero xestionamos en senso de ponte, do que nos vén do Estado cara ós concellos, etc., etc., e así é moi bonito gobernar, pero cando hai que tourear despois ó de abaixo..., no que nosoutros denominamos autonomía financeira, encontrarse cos problemas..., iso é outra historia, é outra historia, cando tes un servizo de recollida de lixo que che custa tanto, e que recadas tan pouco, e tes que ver o que fai; pero aquí non temos que facer iso, porque como non mantemos nada..., mantemos a institución, pero non mantemos servizos concretos. E que conste que iso non é unha crítica; isto eu creo que é unha reflexión que está facendo moitísima xente, e fixo moita xente que non ten nada que ver co BNG respecto ó tema das deputacións, e eu lamento ter que falar deste tema moitísimas veces, pero é un problema. Vostedes, desde que están gobernando, ese tema de debate de fondo non o demos nunca aquí é fabuloso tódolos anos vir aquí, aplicar o IPC, e agora adaptalo ó euro, ¿e que máis?, e ¿cal é o debate de fondo respecto do tema impositivo nesta deputación, se como vostede sabe, tamén nese capítulo, todo parecido, o programa, en concreto, do que nosoutros recadamos por taxas e prezos públicos nesta deputación, en porcentaxes, non ten nada que ver co que recada un concello? Entón eu digo que ese debate é un debate que está por dar, e que quizais o feito de ser unha institución que estamos continuamente recibindo diñeiro do exterior, e polo tanto podemos funcionar case case, dunha maneira automática, está ocultando ese debate, e eu creo que ese debate hai que dalo, porque non aspiraremos nosoutros aquí a ser, nun momento en que todo o mundo está defendendo a autonomía, a capacidade, a reponsabilidade, en seguir sendo *per secula seculorum* unha institución financiada. Supoño que non aspiraremos a iso, canto menos, nosoutros non aspiramos. E non é un problema de desaparición das deputacións; é un problema de adaptación ó sentido común en pleno século XXI.

Desde ese punto de vista, nosoutros xustamente o que lamentamos é que máis nada que veña iso, xa sabemos que aquí o que vén é o que vén: a aplicación do 4%, que xa non

quero entrar aí, e despois a adaptación ó euro. E por certo, termino nunha cousa, aínda que nosoutros non fomos os aludidos, sobre promesas electorais cumpridas ou incumpridas, neste caso concreto polo que me toca a min, como afectado e como preocupado, no caso do IAE vostedes incumpriron, canto menos, nos cinco anos que levan gobernando no Goberno do Estado. E iso é evidente, e a xente estase preguntando ¿despois do IAE, que?, que é a pregunta coa que empezaba eu. E de momento non se sabe. Ese é o gran debate que hai aquí. Eu xa sei que vostedes lle estarán buscando unha solución a isto, quero pensar que lle están buscando unha solución, incluso penso que lle están buscando unha solución. Pero cinco anos tamén é un período para que moita xente, que é a que está tributando desa maneira irracional, siga esperando a que se lle busque a solución a iso, en cinco anos ben se lle pode dar unha solución. Máis nada.

Sr. Erias Rey

Moi brevemente, porque realmente creo que hai que estar actualizado nos datos, e se non se está, pois estamos debatendo contra unha parede e non se sabe o que se pode rebotear. Mire, a supresión do IAE introduciuse na campaña do 96, polo tanto non hai cinco anos; hai un ano e pico; perdón, perdón, na campaña do 99, na segunda lexislatura do Partido Popular, na primeira non estaba a supresión do IAE, polo tanto non hai promesas incumpridas, pero o que eu quero dicirle co tema da información é que as deputacións provinciais son o que son, ó seu pesar, probablemente, igual cá sociedade quere o que quere, ó seu pesar, probablemente, e eu, o que traduzo das súas palabras, e vostede está falando de que non hai un debate dentro das institucións sobre que é o que hai que facer, vostede probablemente quixera un debate dentro de cada institución, e que cada institución fora soberana, e que cada parroquia e cada non sei cantos fixera..., pois mire, eu creo que ese non é o modelo do século XXI; no século XXI as institucións teñen un papel de coordinación, as deputacións teñen que asumir un papel tamén de prestadoras de servizos e de facilitadoras de investimentos onde os que non teñen o tamaño adecuado non poden desenvolverlo convenientemente, ou os que non pensen en ter outra forma organizativa para facelo, pois non poden chegar. E entón eu, insisto, todos estes debates de filosofías creo que hai que dalos na comunidade autónoma, ou se é o caso no Parlamento Español. Aquí nesta deputación temos unha normativa, mentres que esta non cambie estamos traballando responsablemente por converter no máis eficiente os servizos que prestamos, e o maior protagonismo ós concellos, e todos estamos, creo que aquí hai unha feliz coincidencia en que canta máis suficiencia financeira exista, pois maior autonomía local, e dándolle coincidencia en que canta máis suficiencia financeira exista, pois maior autonomía política, claro, pero é que isto estamos no terreo dos principios, alégrome que eses principios coincidan cos nosos neste tema. No demais, eu creo que esas formulacións diverxen absolutamente da realidade de por onde teñen que ir as institucións, e do que estamos facendo nesta casa. E non me tache vostede exclusivamente de estar aplicando unha técnica á hora de desenvolver o punto que hoxe traemos aquí. ¿Que filosofía lle quería introducir vostede? ¿Vostede quería

introducirlle máis impostos? Vostede está falando dunha taxa de recollida de lixo que os concellos non sei que... ¿pero que está facendo esta deputación? ¿Anticiparlle ós concellos segundo as ordenanzas que vai cobrar ó ano seguinte? Vostede non diga nada diso, porque se acaso é moito mellor que os concellos non o saiban; pero os concellos sábeno, e pois iso ós concellos parécelles bo que a Deputación Provincial lles preste os servizos, ¡claro que lles parece bo!, a pesar de que vostede teña outro punto de vista, pero afortunadamente os electores son os que deciden quen es o temos que facer. E eu, a verdade, teño que sinalarlle que neste punto, neste punto, as ordenanzas fiscais que se traen para aprobar son unhas ordenanzas fiscais prudentes, unhas ordenanzas que non pretenden aumentar a presión tributaria, senón que simplemente se adaptan naqueles aspectos que é necesaria a súa adaptación, e que despois, dentro doutras instancias debaterase que é o que ten que pasar co IAE, e nosoutros tamén, como institución local, faremos valer un punto de vista que non é outro que o que os concellos teñan maior capacidade de gasto pero que tamén teñan máis ingresos, porque se asumen máis competencias, loxicamente teñen que dispor de máis autonomía financeira. Pero esa é a outra cousa; iso non é nin o punto que traemos hoxe aquí nin tampouco é que esta corporación queira pasar por encima dos temas.

E repítolle que lamento que só coincidamos nese principio xeral, que me gustaría que fixeran un esforzo de adaptación á realidade. Moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: 2 deputados (BNG)

Abstéñense: 1 deputado (PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, conforme coa lexislación vixente; e co detalle seguinte:

Memoria da Presidencia emitida para dar cumprimento ó disposto no artigo 218.4 do Regulamento das facendas locais.

Proposta da Sección de recursos propios.

Texto que se propón para as distintas ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que especifica o artigo 16.1 da Lei reguladora de facendas locais.

Estudios económico-financieros de avaliación de custos e dos rendementos previsibles (art. 25 da Lei 39/1988 e art. 20 da Lei 8/1989).

Informes preceptivos de Secretaría e Intervención Provinciais.

1º.-De conformidade ó disposto no art. 49 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, acórdase, con carácter provisional.

a) Aprobar as modificacións da Ordenanza fiscal xeral (art. 33.2, art. 34.1, art. 34.2, art. 38.1, título art. 38, art. 45, art. 46.1, art. 46.2 e, art. 48.2, art. 48.3, art. 69.1, art. 69.2, art. 93 e art. 97.3), Ordenanza nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións no Boletín Oficial da Provincia (art. 9.2 e art. 9.3), Ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos (cambio de denominación da o.f.), Ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón (art. 4, art. 7.5, art. 7.6 e art. 7.10), Ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa por autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais (art. 3 e derradeiro parágrafo do art. 6.1).

b) Aprobar a modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal nº 5 da taxa por prestación do Servizo provincial de Xestión e Recadación.

c) Aprobar tódalas tarifas na unidade monetaria euros.

-Aprobar un incremento nas tarifas dun 4%, para a ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón (expresarse en euros co seis decimais, periodicidade trimestral), ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza, Ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais, Ordenanza fiscal nº 12, reguladora da taxa por subscripción e venda do BOP e ordenanza nº 14 reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, que é o incremento que experimentou o índice de prezos ó consumo durante o período abril/2000-abril 2001.

-Aprobar as novas tarifas da Ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa por autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais.

-Aprobar os importes das tarifas establecidos da Ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa por servizos de publicacións no Boletín Oficial da Provincia (expresarse en euros con dous decimais), Ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos e Ordenanza nº 13 reguladora do prezo público pola utilización da pista polideportiva.

2º) Este acordo exporase ó público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e

presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ó público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17.3, 4 da Lei 39/88 do 28 de decembro.

3º) Publicar integramente, unha vez aprobadas definitivamente, as modificacións da o.f. xeral, o.f. nº 2, 3, 4, 8, 10, 11, 12 e Ordenanza reguladora do prezo público nº 13 e 14. Publicar a modificación e redacción íntegra da o.f. nº 5.

4º) As ordenanzas comezarán a rexer.

a) Se non se producisen reclamacións contra estas e unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no art. 17.4 da Lei 39/88, a partir do 1 de xaneiro de 2002.

b) De producírense reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán, trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no art. 17.4 da Lei 39/88.”

## **6.- INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE O CAMBIO DE CAPITALIDADE DO CONCELLO DE NARÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o acordo do Pleno do Concello de Narón polo que se aprobou inicialmente o cambio de capitalidade do concello de "A Gándara-Xuvia" a "Narón", en virtude do disposto no artigo 48 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia:

Informar favorablemente o cambio de capitalidade do Concello de Narón de "A Gándara-Xuvia" a "Narón".

## **7.- INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE O PROXECTO DE ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE COMPOSTELA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os Estatutos da "Mancomunidade de Concellos da Comarca de Compostela", integrada polos Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, presentados co obxecto de solicita-lo preceptivo informe desta Deputación, e tendo en conta o disposto nos artigos 149 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Informar favorablemente os Estatutos da "Mancomunidade de Concellos da Comarca de Compostela" integrada polos Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra.

Non obstante, a Deputación estima que a "Mancomunidade de Concellos da Área de Santiago de Compostela", rexistrada no Ministerio de Administracións Públicas baixo o número 0515002 debería disolverse ou reforma-los seus estatutos. Por outra banda, as competencias que a "Mancomunidade de Concellos da Comarca de Compostela" poida asumir en materia de extinción de incendios (Artº 6º.1 dos estatutos) en ningún caso poderán contradicir o previsto no Convenio administrativo marco e Acordo de execución entre a Deputación da Coruña, a Consellería de Xustiza e Relacións Laborais e os Concellos de Santiago de Compostela e da Comarca de Santiago sobre parque de bombeiros, aprobado polo Pleno provincial o 26 de xaneiro de 2001, nin os acordos ou convenios que del traian causa.”

## **8.- APROBACIÓN DO PLAN DE TEMPORAIS 2001, APARTADO DE DANOS PRODUCIDOS NAS ESTRADAS PROVINCIAIS.**

### INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Eu si que vou pór esta vez os pés sobre a terra, e non casan moitos datos, ¿non? Na comisión xa preguntabamos, preguntaba tamén o voceiro do grupo socialista, se estas eran tódalas estradas que estaban afectadas polos temporais, ou que se valoraba así, e a resposta que obtivemos é que esas eran as que os servicios provinciais detectaran. Entón, eu lembro a intervención do voceiro do grupo popular, o Sr. Varela, noutra ocasión, hai pouco tempo, cando falabamos tamén dos temporais, na que se dicía que en tódalas partes chovía igual e case case se deixaba aberta a que os concellos, que uns pedían moito e outros pouco, e que pouco menos que facían así algo un pouco raro. Entón, eu preguntome, se en tódalas partse chove igual ¿como é que nestas estradas están todos concentradas na mesma comarca? Que si que choveu moito alí, na comarca de Compostela, efectivamente, pero tamén choveu moito noutros sitios, como se demostrou, e non aparecen recollidas esas estradas. A nosoutros parécenos que están parcialmente recollidas as estradas afectadas, polo menos non temos información, e non se nos deu de por que estas e outras non, e parece pouco comprensible que de toda a rede provincial os temporais só afectaran a unha comarca, cando todos sabemos que os temporais afectaron a todo o país, iso sería comprensible se os temporais afectasen a unha determinada parte do territorio, que podía ser, pero que non foi así de feito. Entón, non obtivemos unha resposta moi clara sobre ese respecto, e se encima

engadimos que nesta deputación se lle deron cinco millóns de pesetas a tódolos concellos independentemente de que fixeran ou non a solicitude, porque parece que en tódalas partes chovía igual, pois agora ese mesmo criterio que utilizou antes o Partido Popular aquí non casa, eu non sei se ten os pés na terra, ou no aire, pero en calquera caso ese criterio agora non casa. E tampouco se nos explicou -aínda poden facelo-, pero ata agora non se nos explicou por qué. Agás na estrada de Carballo tódalas demais están en concellos da comarca de Compostela, no concello de Ames, no de Teo, no de Rois, pasa un cachiño polo concello de Padrón, etc. Nosoutros non sabemos con que criterios se decidiu iso, e a nosa posición vai ser de abstención, por tanto.

(Sae o Sr. Erias Rey).

#### Sr. Varela Rey

Criterios técnicos. Quen propuxo as obras para realizar foron os técnicos desta casa. E dentro da situación das vías eu creo que inflúen varios aspectos, inflúe o clima, pero tamén inflúe o propio estado da vía, se a vía está en boas condicións, aínda que o clima sexa malo, pode aguantar mellor, e outra que ó mellor, aínda que sendo o temporal menor, se a vía xa estaba deteriorada, necesítase. ¿Que se necesitaron nesta zona? Pois sería porque iso foi o que se considerou por parte dos técnicos, pero en todo caso eu creo que esta resposta é clara, seguro que onde se actuou era necesario, sen quitar que ó mellor outras puideran necesitar algún outro tipo de actuación, pero o que é seguro é que estas eran as que estaban peor e as que necesitaban unha actuación máis urxente, máis rápida, incluso pola propia situación, e pola propia dimensión da vía, e pola utilidade dela. Moitas gracias.

#### Sra. Candocia Pita

Eu, persoalmente, non o grupo provincial do BNG, eu, persoalmente, estou encantada de que queiran actuar nesa comarca, como comprenderán é a comarca onde eu vivo, e ademais é que no meu concello caen dous plenamente no concello, e outra pasa de esguello, é dicir, que estou encantadísima. Agora, non quero dicir que esas estradas non precisasen ser atendidas, que son conscente de que precisan ser atendidas, o que digo é que creo que debe de haber outras que tamén o necesitan, e que non vexo onde está un criterio de globalidade, que non se presenta un proxecto global, e que logo se faga unha selección. Entón, iso é o que estamos poñendo sobre a mesa. E con respecto ós técnicos, creo que por enésima vez o meu respecto ós técnicos da deputación, e os técnicos fan informes técnicos, pero non son responsables políticos deste temas, e neste tema hai unha responsabilidade política, e os técnicos traballan para os políticos, e os mesmos técnicos faríanlle a vostede un proxecto e a min, probablemente, outro distinto. Polo tanto, que non se volva a pór sobre a mesa -aínda que se porá, pero volverei a aclaralo-, sempre a desculpa dos técnicos, porque os técnicos, despois de todo, o único que fan é traballar, un técnico pode decidir unha cousa



ou outra en función duns parámetros que os políticos lle poñemos, ¿verdade?, iso sábemolo todos, non creo que sexa nada novo aquí. E polo tanto, o meu agradecemento ós técnicos da deputación, non ten nada que ver isto con eles, e a miña intervención é unha resposta política, non unha resposta técnica.

Gracias.

#### Sr. presidente

Neste caso, Sra. Candocia, máis que respostas políticas, son respostas técnicas a danos sufridos por temporais. Aquí houbo uns temporais a partir dese 31 de decembro. Neste caso, estas estradas que veñen aquí, este plan de vías danadas polos temporais, son ata o 31 de decembro, que o subvenciona ademais o MAP. E simplemente van as que sufriron danos, con iso non quero dicir que haxa ó mellor outras estradas que estean en bo estado ou en mal estado, pero aquí o que cubrimos son danos que sufriron unhas estradas por uns temporais en certo momento. É o que hai; aquí non hai nin temas políticos nin nada. Houbo uns danos, que informaron os técnicos que esas estradas sufriron danos, e é o que se está cubrindo, e sobre todo apoiados pola subvención do Ministerio para as Administracións Públicas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (2 do BNG; 1 do PP por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a Orde do Ministerio de Administracións Públicas de 10 de maio de 2001 sobre procedemento de concesión de subvencións para reparar os danos causados polas inundacións nos bens e servicios de entidades locais nas comunidades autónomas de Galicia e Castela-León a consecuencia das chuvias e temporais acaecidos desde os últimos días de outubro de 2000 ata fins de xaneiro de 2001 (BOE nº 116 do 15 de maio de 2001), que desenvolve o R.decreto-lei 6/2001.

Vista a relación de danos producidos nas estradas provinciais.

Vista a comunicación recibida da Delegación do goberno en Galicia na que se comunica a concesión á provincia da Coruña dunha subvención estatal de 1.050.000.000 ptas., e tendo en conta que xa foron aplicadas 1.036.487.329 ptas. a cofinanciar as obras de reparación de danos nos concellos afectados, co cal pode destinarse a diferenza que ascende a 13.512.671 ptas. a cofinanciar a reparación de danos en estradas provinciais.

1.-Aprobar o Plan de Temporais 2001, no apartado de reparación de danos producidos nas estradas provinciais polos temporais acaecidos desde os últimos días de outubro de 2000 ata fins do mes de xaneiro de 2001, cofinanciado polo MAP e a deputación, no que se inclúe a obra que a seguir se indica co detalle do financiamento:

DENOMINACION	MAP	DEPUTACIÓN	ORZAMENTO
E.P. 1914 CARBALLO A PORTOMOIRO E OUTRA	13.512.671	18.212.329	31.725.000

2.-Aprobar con carácter supletorio as seguintes obras de reparación de danos en estradas provinciais, para poder absorber, se é o caso, os remanentes de subvención do MAP que se puideran xerar como consecuencia de anulacións de obras ou baixas de licitación, tanto nas obras de reparación de danos producidos en obras municipais como provinciais.

DENOMINACION	ORZAMENTO
E.P. 1914 CARBALLO A PORTOMOIRO E E.P. 2102 PONTE LAGO A SOUTO	21.804.831
E.P. BERTAMIRANS Á RAMALLOSA E OUTROS	9.619.361
E.P. 7401 ESTRADA URDILDE ANTEQUERA	9.665.601
E.P. 1301 GANDARA Á AMANECIDA	8.572.960
EC.P. 6502 PAZOS DE LUOU POR LAMPALE OUTROS	2.450.000
E.P. 0201 TAPIA A PTE MACEIRA POR LENS E OUTROS	9.760.000
E.P. BERTAMIRANS Á RAMALLOSA E OUTROS	7.850.000
<b>T O T A L</b>	<b>69.722.753</b>

3.-Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.-Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

5.-Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

6.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

7.-Transcorrido o indicado prazo de 10 días desde a exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerárase definitivamente aprobado o Plan.”

## **9.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE NARÓN, INCLUÍDA NO POS 2000. CÓDIGO 00.2100.0279.0.**

### INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Aproveitando que estou no uso da palabra, quixera, se me permite, agradecerlle en nome do grupo socialista a proposta que nos fixo de gardar un minuto de silencio como respecto á memoria de Eugenio Fernández Granell. Moitos dos deputados que se sentan nos escanos socialistas coñecérono, e tratárono. Eu tiven tamén a oportunidade de ter unha boa e fluída amizade con el e coa súa esposa e coa súa filla Natalia, mesmo a deputación editou un libro, naquela colección que existía de grandes pintores, que habiamos inaugurado con Luis Seoane, continuáramos con Carlos Maside, o terceiro foi adicado a Eugenio Granell, e o cuarto a Rogelio Puente, magnífica colección, desgraciadamente, interrompeuse no mandato do anterior presidente, pero que eu agardo que proximamente continuemos con esa colección. Un home que non só era un gran artista, era unha magnífica persoa, e que por avatares da vida, por circunstancias históricas que todos coñecemos, tivo que desenvolverse fóra das nosas fronteiras. É un home, ademais -e servan estas palabras como homenaxe-, é un home dos poucos que teñen o privilexio de alcanzar despois da súa morte a inmortalidade.

E dito isto, como palabras de homenaxe, persoais, se me permite, cara a Eugenio Granell, quixera dicirlle que nos puntos 9 e 10 imos votar a favor pero quixera reiterarlle algo que xa o grupo socialista lle propuxo noutro pleno desta deputación: o grupo socialista estaría disposto a votar a cesión da competencia para aprobar os expedientes de modificación de proxecto, que non supoñan incrementos orzamentarios, no presidente ou na Comisión de Goberno. Se nosoutros aceptasemos isto, gañaríamos axilidade administrativa, non terían que estar esperando os concellos a que se convocase un pleno para aprobar unha reforma que non supón ningún cambio orzamentario. Polo tanto, reiteramos a oferta de que a deputación ceda esta competencia ou ó presidente ou á Comisión de Goberno, que o

aprobe o presidente coa súa simple sinatura, e que dea conta á comisión informativa correspondente dos modificados de proxectos que se realizaron utilizando esta delegación de competencia. Máis nada. Reiterar simplemente o voto favorable ó punto nº 9 e nº 10.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Narón tocante á modificación da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 28 de febreiro de 2000.

Aprobar a modificación do proxecto para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
210.002.790	Narón	Biblioteca municipal de Narón	73.597.217

### **10.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA BEIRARRÚAS EN PONTE DO PORTO, DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, INCLUÍDA NO POS 2001, CO CÓDIGO 01.2100.0076.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Camariñas ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2001 que foi aprobado mediante acordo plenario de data 23 de febreiro de 2001.

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin na financiación da obra nin do POS 2001 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
01.2100.0076.0	Beirarrúas en Ponte do Porto (Concello de Camariñas)	3.026.460	654.021	1.319.519	5.000.000

### **11.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PISCINA CUBERTA DO CONCELLO DE CARBALLO, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN NO MARCO DO CONVENIO**

## **XUNTA-DEPUTACIÓN 1997-2001, PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. CÓDIGO 99.7450.0001.0.**

### INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Aquí imos facer unha agrupación tamén de voto, no 11, 12 e 13 e tamén no 14, aínda que son diferentes, en todo caso no 11, 12 e 13 trátase de reformados con gran, voluminoso e excepcional aumento de achega económica, sempre ó límite, ¿verdade?, e no caso do punto nº 14 trátase dunha fase do convenio que temos coa Xunta de Galicia para construción de instalacións deportivas, do cal xa demos a nosa opinión no seu momento respecto a cales eran os criterios, ou mesmo a falta de criterios para a inclusión de obras nese convenio. Polo tanto imos manter tamén a posición de abstención, na liña do que xa fixemos nas fases anteriores.

Pero si quería dicir ó fío do compañeiro que me precedeu, e falando do punto no que andamos, que nosoutros avogamos, máis que pola proposta que se fixo aquí de delegar esa competencia, de delegar na gran competencia que temos, que é facer, cando facemos as bases, facelas con senso; isto é o resultado dun desastre á hora de elaboración das bases, e agora estamos pagando o pato de algo que se fixo, e de algo que ten, como sempre dixen eu aquí, responsabilidades políticas claras. Creo que sería incluso malo que nosoutros aquí agora intentásemos buscar unha solución técnica ó que é un problema de fondo, un problema máis de tipo político. Quero dicir con todo isto que cando aprobemos as bases dos plans teñamos en conta que eses plans teñen que desenvolverse, teñen que ir ós concellos, que teñen que volver aquí, que poden ter reformados, e que, polo tanto, cando fagamos as bases pensemos ben cál é a mecánica desta deputación, para despois estar evitando que a tres anos vista esteamos aquí con reformados de obras que teoricamente tiñan que estar feitas. Eu tamén creo no que acaba de dicir o voceiro do grupo socialista, na necesidade de axilizar, pero isto é o resultado dunha decisión política moi mal tomada, entón o que hai que facer é tomar decisións políticas en condicións, canto menos con senso, poden ser peores ou mellores, pero que se tomen con senso, que eu creo que é o que non se tivo aquí. Polo tanto sería bo que cando teñamos que facer plans novos, e desde logo o camiño que aceptamos non foi así, porque fixemos plans hai un ano que xa houbo que modificar as bases a un ano vista, ou a meses vista. Eu fago esa chamada á racionalidade, pero a racionalidade ten que ser á hora da aprobación dos plans, despois os plans execútanse moi ben, que esta casa funciona moi ben, os concellos funcionan moi ben, pero se as bases son complicadas, despois convertemos a aprobación dun proxecto de cinco millóns de pesetas nun galimatías que non hai ninguén que se aclare. Entón, eu avogo pola racionalidade cando aprobamos as cousas, que é cando se toma a decisión para que se faga nas mellores condicións. E reitero a posición de abstención nos puntos 11, 12, 13 e 14.

Moitas gracias.

(Sae o Sr. Cendán Fernández).

Sr. Fernández Moreda

Falamos en distintos plenos dos reformados dos proxectos e tomamos unha decisión. Os proxectos están adxudicados, están mal feitos por circunstancias sobrevidas, nalgúns casos porque aparece rocha, pero noutros casos por mala redacción do proxecto, por non pensar ben as cousas, faise mal, e entón hai que facer modificados, e ante isto temos dúas alternativas: ou votar que non, ou absternos, ou votar que si. Decidimos votar que si porque entendemos que son obras que están adxudicadas, que non é imputable ós concellos, neste caso, os modificados que se propoñen, porque non fixeron os concellos os proxectos e haberá que favorecer que as obras se continúen, termínense, inaugúrense, e que os cidadáns as gocen. Polo tanto, ese é o sentido do noso voto, imos votar que si para que as obras se terminen.

O que si queriamos facer tamén unha pequena reflexión é de que con isto estamos arranxando problemas que herdamos da anterior corporación, pero debe de servirnos como reflexión para evitar que neste mandato se cometan estes mesmos erros, é dicir, que cando se faga un proxecto se faga ben, adxudíquese ben e executese ben, e executese sen necesidade de reformados, a non ser que de verdade haxa circunstancias sobrevidas que aconsellen unha reforma do proxecto, pero que non sexa algo habitual en tódolos proxectos.

E tamén unha segunda reflexión, algúns dos proxectos que imos reformar forman parte dun convenio da Xunta coa Deputación, é un magnífico convenio para dotar de instalacións deportivas ós concellos da provincia, pero como estamos vendo que tódolos proxectos que forman parte deste convenio Deputación-Xunta son obxecto de reformas, ó mellor sería bo formularse a posibilidade de que fora a Xunta quen redactase os proxectos e cargase a Xunta co custo dos reformados, se é que hai que facer reformados no futuro, porque nosoutros estamos financiando eses proxectos, participando nese convenio, pero tódolos reformados que se fan van con cargo da deputación. Ó mellor sería conveniente se a Xunta o aceptase, tratar que no seguinte convenio fose algo que correse a cargo da Xunta de Galicia.

E anunciar o voto favorable, aproveitando que o Sr. Rodríguez Doval agrupou na súa intervención os puntos 11, 12, 13 e 14, anunciar o voto favorable do grupo socialista a estes catro puntos.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)  
 Votan en contra: ningún deputado  
 Abstéñense: 3 deputados (2 do BNG e 1 do PP por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente na votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar por un importe total de 213.737.278 pesetas sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra Piscina cuberta, do concello de Carballo, código 99.7450.0001.0, que foi incluída na 1ª fase da primeira programación plurianual do Convenio Xunta-Deputación de Instalacións Deportivas 1997-2001, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 29 de xaneiro de 1999.

Aprobar, asímesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 29.814.674 pesetas sobre contrata e 28.520.717 pesetas sobre adxudicación (código proxecto reformado: 01.7450.0001.2).

O financiamento deste incremento poderase efectuar con cargo ó crédito dispoñible existente na partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.

Por isto, os datos de financiamento da obra calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

<b>Obra 99.7450.0001.0</b>	<b>Anualidade 1999</b>	<b>Anualidade 2000</b>	<b>Anualidade 2001</b>	<b>Total</b>
<b>Deputación</b>	50.732.463	46.791.395	65.977.396	163.501.254
<b>Conc. fondos propios</b>	17.736.024	16.250.000	16.250.000	50.236.024
<b>Total</b>	<b>68.468.487</b>	<b>63.041.395</b>	<b>82.227.396</b>	<b>213.737.278</b>

2.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.”

**12.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA CAMPO DE FÚTBOL FONTES ALGUEIRAS, DO CONCELLO DE CORCUBIÓN, INCLUÍDA NA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001. CÓDIGO 98.3420.0027.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o expediente de resolución de contrato que se tramitou en relación á obra denominada Campo de fútbol Fontes Algueiras, do concello de Corcubión, co código 98.3420.0027.0, incluída na 3ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes.

Visto o proxecto modificado redactado polo Servicio Provincial de Arquitectura, onde se indican as razóns que xustifican a necesidade desta modificación.

1º.-Aprobar por un importe total de 78.920.819.- ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto modificado da obra Campo de fútbol Fontes Algueiras, do Concello de Corcubión, código 98.3420.0027.0 e 99.3420.0027.0.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento de modificación do proxecto da obra que ascende a 15.769.042.- ptas. sobre contrata.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento do novo proxecto modificado da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

	Aprobación modificación proxecto		Total
	Anualidade 1998	Anualidade 1999	Anualidades
Deputación	47.290.000	23.020.819	70.310.819
Conc. F. Propios			



Conc. Plan 2000 Infraest.		8.610.000	8.610.000
<b>Total..</b>	47.290.000	31.630.819	78.920.819

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

**13.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PISCINA CUBERTA DO CONCELLO DE MELIDE, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN NO MARCO DO CONVENIO XUNTA -DEPUTACIÓN 1997-2001, PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. CÓDIGO 99.7450.0017.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar por un importe total de 222.158.702 pesetas sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra Piscina cuberta do concello de Melide, código 99.7450.0017.0, que foi incluída na 2ª fase da Primeira programación plurianual do Convenio Xunta-deputación de Instalacións deportivas 1997-2001, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 26 de marzo de 1999.

Aprobar así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado, que ascende a 36.962.592.- pesetas sobre contrata e 36.526.433 pesetas sobre adxudicación.

O citado incremento financiarao integramente a deputación e asígnaselle o código 2001.7450.0017.3.

Por isto, os datos de financiamento da obra, calculado sobre o orzamento de contrata ofrecen o seguinte resumo:

	<b>OZTO. TOTAL CONTRATA</b>	<b>1.999</b>	<b>2.000</b>	<b>2.001</b>
Deputación	175.533.702	46.028.085	45.981.856	83.523.761
Achega concello	46.625.000	15.541.667	15.541.667	15.541.666
<b>TOTAL</b>	<b>222.158.702</b>	<b>61.569.752</b>	<b>61.523.523</b>	99.065.427

Este incremento poderase facer efectivo con cargo ó crédito dispoñible na partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.

2.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este expediente entenderase definitivamente aprobado.”

**14.- APROBACIÓN DA 7ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA 1997-2001, PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a documentación xustificativa da subministración correspondente ás obras Piscina cuberta en Arzúa e Piscina cuberta en Melide, aprobadas dentro da segunda fase da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación, incluídas no

convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 1997-2001, para a reforma e construción de instalacións deportivas, que foi aprobada polo Pleno desta deputación na sesión celebrada o 26.03.99.

Visto o informe proposta emitido polo Servicio Provincial de Arquitectura tocante ós equipamentos correspondentes ás obras citadas:

1º) Aprobar a 7ª fase da Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas, na que se inclúen os equipamentos correspondentes ás obras que figuren no anexo a este acordo que foron aprobadas dentro da segunda fase da primeira programación do convenio Xunta-Deputación 1997-2001.

O financiamento dos investimentos que se inclúen nesta 7ª fase, da que a contratación e execución corresponden ó órgano provincial, asúmeo integramente a deputación.

O resumo de financiamento desta 7ª fase é o seguinte:

	1.999	2.000	2.001	TOTAL
DEPUTACIÓN	6.000.000			6.000.000
CONC. Achega				
CONC. P2000 Infr.				
CONC. P2000 Baixas				
<b>TOTAL</b>	<b>6.000.000</b>			<b>6.000.000</b>

O financiamento desta fase do convenio realízase con cargo á partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.

3º) Remesar este acordo á Xunta e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobada esta fase.”

(Sae o Sr. López Sueiro).

## 15.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2001, 3ª FASE.

### INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Máis nada que anunciar a nosa postura de abstención, reiterando o posicionamento que tiveramos en anteriores fases, xa dixemos que o orzamento era baixo para atender as necesidades que había, e que unha vez máis non se marcaban uns criterios claros e unha orde de prioridade nas obras. Polo tanto, anunciar a nosa posición de abstención.

Gracias.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o Plan de vías provinciais de 2001-3ª fase, que a seguir se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 63.791.727.- ptas. con cargo á partida 0401/511B/601.03:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO</b>
01.1110.0003.0	AMPLIACIÓN DE TRES OBRAS DE FÁBRICA NA E.I. 3802 ORDES A PONTECARREIRA, TÉRMINOS MUNICIPAIS DE ORDES, OROSO E FRADES	39.220.607.- 235.720,60.- euros
01.1110.0004.0	REPARACIÓN DE E.P.0812 DE SADA A ESPÍRITU SANTO	24.571.120.- 147.675,41.- euros
<b>TOTAL .....</b>		63.791.727.- 383.396,00.- euros

2º.-Expor ó público o plan mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerarase definitivamente aprobado.

## **16.- PROXECTO REFORMADO DE INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARZÚA.**

### INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para ratificar a posición que xa mantivemos na comisión correspondente, que é unha posición de abstención.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o proxecto reformado da obra instalación de protección civil de Arzúa, concello de Arzúa, código 99.4000.0006.8, por importe de 13.459.841.- ptas. que deberá financiarse con cargo á partida 0305/223.A/62210 do vixente orzamento.

A modificación obxecto de aprobación ten a súa xustificación en:

A.-Axustar a medición dos traballos realizados durante o transcurso da obra nos capítulos de movementos de terras, cimentacións e saneamento.

B.-Axustar medición nos capítulos de albanilería, sollados, falsos teitos, revocaduras e revestimentos.

C.-Contemplar os axustes de calidade realizados en distintas partidas, que seguiron o criterio de favorecer unha maior integración do edificio no contorno.

D.-Seguir un criterio de favorecer unha maior durabilidade do edificio, así como favorecer o mantemento ante o pesado e intensivo uso del.

2.-Dispor a exposición pública a memoria técnica reformada mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración Local de Galicia.

4.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

### **17.- SUBVENCIÓN PARA OS GASTOS CORRESPONDENTES Á 39ª EDICIÓN DA FEIRA DE MOSTRAS DO NOROESTE**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a concesión da achega provincial ó consorcio Profeiras e Exposición de Ferrol, G15060478, por importe de 10.000.000.- ptas. (dez millóns), pola celebración da 39 Feira de mostras do Noroeste 2001, con cargo á partida 0305/721A/46701 do vixente orzamento.”

### **18.- RELACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN XXI DE OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS.**

#### INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Igualmente, ratificar tamén esa posición de abstención, que é coherente tamén co voto que emitimos no intre que se fixo a aprobación das bases correspondentes, e tamén da aprobación da 1ª fase.

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (BNG)

#### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a segunda relación de investimentos do Plan XXI de pequenas obras e subministracións en infraestructuras municipais na provincia da Coruña. Os investimentos contidos nesta segunda relación e o detalle das obras e subministración que se han contratar en cada concello quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

## SEGUNDA RELACION DO PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIONES

código	concello/denominación	orçamento total	
01.4200.0055.0	<b>ARZÚA</b> INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN EN VARIAS RÚAS	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0056.0	<b>A BAÑA</b> ROZADOIRA PROFESIONAL DE BRAZO MARCA BELAFER, MOD.MAC-3	Concello	
		Dep. fondos propios	989.155
		Dep. préstamo	1.562.845
		<b>Total</b>	<b>2.552.000</b>
01.4200.0057.0	<b>A BAÑA</b> EQUIPAMENTO MOBILIARIO PARA ALCALDIA E SECRETARIA	Concello	
		Dep. fondos propios	173.645
		Dep. préstamo	274.355
		<b>Total</b>	<b>448.000</b>
01.4200.0058.0	<b>BERGONDO</b> REPARACIÓN DE DANOS PRODUCIDOS POR TEMPORAL EN BENS E SERVICIOS DO CONCELLO, PARROQUIAS MORUXO E BERGONDO	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>5.000.000</b>
01.4200.0059.0	<b>BETANZOS</b> SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO URBANO	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.837.071</b>
01.4200.0060.0	<b>BRIÓN</b>	Concello	
			141.280

	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS E COLECTORES DE LIXO	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.141.280</b>
01.4200.0061.0	<b>CEE</b>	Concello	1.472.960
	ADQUIS. MARQUESIÑAS REFUXIO VIAXEIROS TRANSPORTE ESCOLAR	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.472.960</b>
01.4200.0062.0	<b>CERCEDA</b>	Concello	68.200
	PERGOLA MIRADOR	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.068.200</b>
01.4200.0063.0	<b>CESURAS</b>	Concello	41.519
	VEHÍCULO BERLINGO 2.0 HDI COMBI	Dep. fondos propios	920.426
		Dep. préstamo	1.454.254
		<b>Total</b>	<b>2.416.199</b>
01.4200.0064.0	<b>CESURAS</b>	Concello	
	REMOLQUE DEF-275	Dep. fondos propios	96.249
		Dep. préstamo	152.071
		<b>Total</b>	<b>248.320</b>
01.4200.0065.0	<b>CESURAS</b>	Concello	
	FORMIGONEIRA MZ-300-LUX	Dep. fondos propios	65.194
		Dep. préstamo	103.006
		<b>Total</b>	<b>168.200</b>
01.4200.0066.0	<b>CESURAS</b>	Concello	
	XENERADOR G-7000-H 13 CV	Dep. fondos propios	80.931
		Dep. préstamo	127.869
		<b>Total</b>	<b>208.800</b>
01.4200.0067.0	<b>CORISTANCO</b>	Concello	500.000
	ACONDICIONAMENTO DE PRAZA PARA FESTA	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.500.000</b>
01.4200.0068.0	<b>FENE</b>	Concello	166.800



	SUBM. MOBILIARIO URBANO DESTINADO Á DOTACIÓN DE MARQUESIÑAS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.166.800</b>
01.4200.0069.0	<b>A LARACHA</b>	Concello	
	INSTALACIÓNS DUN EDIFICIO DESTINADO A CENTRO CULTURAL	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0070.0	<b>MAÑÓN</b>	Concello	16.000
	INSTALACIÓN GRUA-CANASTA NO CAMIÓN MUNICIPAL DE INCENDIOS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.016.000</b>
01.4200.0071.0	<b>MELIDE</b>	Concello	
	ACONDICIONAMENTO E MOBILIARIO URBANO NO CASCO HISTÓRICO DE MELIDE	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0072.0	<b>MESÍA</b>	Concello	1.046.234
	MELLORA INFRAESTRUCTURA VIARIA EN BOADO	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.046.234</b>
01.4200.0073.0	<b>MIÑO</b>	Concello	1.174.760
	ILUMINACIÓN PÚBLICA RÚA PUMARIEG E OUTROS LUGARES DO MUNICIPIO	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.174.760</b>
01.4200.0074.0	<b>MUXÍA</b>	Concello	
	ACONDICIONAMENTO RÚAS INTERIORES NOS LUGARES DE OZÓN E CEBRÁNS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0075.0	<b>MUROS</b>	Concello	1.971.755
	ILUMINACIÓN PÚBLICA DOS ACCESOS Ó CEMITERIO DA ATALAIA	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.971.755</b>
01.4200.0076.0	<b>ORDES</b>	Concello	

	INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EN BALADO E MESÓN DO VENTO	Dep. fondos propios	1.162.343
		Dep. préstamo	1.836.479
		<b>Total</b>	<b>2.998.822</b>
01.4200.0077.0	<b>OROSO</b>	Concello	
	EQUIPAMENTO DE PARQUE INFANTIL EN SIGÜEIRO-OROSO	Dep. fondos propios	1.162.553
		Dep. préstamo	1.836.810
		<b>Total</b>	<b>2.999.363</b>
01.4200.0078.0	<b>ORTIGUEIRA</b>	Concello	629.270
	DIVERSAS REPARACIÓNS DO CENTRO SOCIAL DE LOIBA	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.629.270</b>
01.4200.0079.0	<b>OZA DOS RÍOS</b>	Concello	672.038
	SUBM. SIÑAIS E MOBILIARIO URBANO NO TERMO MUNICIPAL DE OZA DOS RÍOS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.672.038</b>
01.4200.0080.0	<b>PONTECESO</b>	Concello	
	ADQUISICIÓN MOBILIARIO URBANO NO NUCLEO DE PONTECESO	Dep. fondos propios	1.158.643
		Dep. préstamo	1.830.631
		<b>Total</b>	<b>2.989.274</b>
01.4200.0081.0	<b>AS PONTES</b>	Concello	1.065.762
	CANALIZACIÓN RÍO GARABATOS, 2ª FASE	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.065.762</b>
01.4200.0082.0	<b>RIANXO</b>	Concello	
	PAVIMENTACIÓN DE PISTAS EN BRIC	Dep. fondos propios	1.162.319
		Dep. préstamo	1.836.440
		<b>Total</b>	<b>2.998.759</b>
01.4200.0083.0	<b>SANTA COMBA</b>	Concello	429.192
	RESTAURACIÓN, MANTEMENTO E CREACIÓN ZONAS VERDES EN NÚCLEO	Dep. fondos propios	357.987
		Dep. préstamo	565.613
		<b>Total</b>	<b>1.352.792</b>
01.4200.0084.0	<b>SANTISO</b>	Concello	

	CORRECCIÓN DE RASANTE EN ARCEDIAGO E OUTROS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0085.0	<b>TORDOIA</b>	Concello	
	REPARACIÓN CAMIÑOS NAS PARRQUIAS DE LEOBALDE, NUMIDE E GORGULLOS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0086.0	<b>TOURO</b>	Concello	
	URB. RÚA ENTRONQUE CON RÚAS EDUARDO PONDAL E CASTELAO	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0087.0	<b>TRAZO</b>	Concello	500.000
	CONTEDORES E MOBILIARIO URBANO TRAZO-A CORUÑA	Dep. fondos propios	969.000
		Dep. préstamo	1.531.000
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0088.0	<b>VALDOVIÑO</b>	Concello	282.201
	INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE VELOCIDADE NA ENTRADA DE VALDOVIÑO	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.282.201</b>
01.4200.0089.0	<b>VAL DO DUBRA</b>	Concello	
	PECHE NOVO CAMPO DE FÚTBOL E SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0090.0	<b>VEDRA</b>	Concello	1.969.659
	OBRAS NON PREVISTAS PROXECTO CASA-MUSEO MODESTO PAZ CAMPS E INCREM. PARTIDAS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.969.659</b>
01.4200.0091.0	<b>VILARMAIOR</b>	Concello	
	PAVIMENTACIÓN ACCESOS EN SOCAMIÑO (MIRAZA) E RIEIRO	Dep. fondos propios	178.743
		Dep. préstamo	282.411
		<b>Total</b>	<b>461.154</b>
01.4200.0092.0	<b>ZAS</b>	Concello	

	INSTALACIÓN REGO PRAZA DO CAMPO DE ZAS	Dep. fondos propios	911.001
		Dep. préstamo	1.439.362
		<b>Total</b>	<b>2.350.363</b>
01.4200.0093.0	<b>ZAS</b>	Concello	
	ADQUISICIÓN COLECTORES	Dep. fondos propios	251.799
		Dep. préstamo	397.838
		<b>Total</b>	<b>649.637</b>
01.4200.0094.0	<b>CARIÑO</b>	Concello	
	MELLORAS EN INFRAESTRUCTURAS VIARIAS	Dep. fondos propios	1.162.79€
		Dep. préstamo	1.837.19€
		<b>Total</b>	<b>2.999.989</b>
<b>RESUMO</b>		Concello	14.984.701
		Dep. fondos propios	38.709.76€
		Dep. préstamo	61.161.19€
		<b>Total</b>	<b>114.855.662</b>

2.-Os expedientes das obras e/ou subministracións correspondentes ós concellos da Baña, Bergondo, Betanzos, Cee, Cerceda, Cesuras, A Laracha, Mañón, Melide, Mesía, Valdoviño e Zas quedan incorporados a esta segunda relación de obras do plan de forma condicionada a que os respectivos concellos presenten na deputación, e sempre con anterioridade á adxudicación dos contratos correspondentes, o xustificante da aprobación formal dos proxectos ou memorias a que van referidos estes polo Pleno municipal, sen que poidan chegar a adxudicarse antes de que se xustifique ante a deputación a súa subsanación. A verificación de que se cumpriu a condición, deberá ser ratificada por Resolución da Presidencia.

3.-A contratación das obras e subministracións, consonte co establecido nas bases de convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, axuntándoo ao prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitir á Deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realiza mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
- No caso de concurso ademais da "Acta apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepción:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizara o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación á devandita, se así se considerase oportuno

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable

4.-A achega provincial ás obras incorporadas nesta relación, que ascende a un total de 99.870.961.- pesetas, será imputada á partida orzamentaria 0305/519.Z/762.99. A achega municipal a esta segunda relación do plan ascende a un total de 14.984.701.- pesetas o que acumulado á achega da deputación supón un total de 114.855.662.- pesetas.

5.-Dispoñer a exposición pública da segunda relación de obras e subministracións do plan, aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que poidan presentarse alegación, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

6.-Remesar o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

(Sae o Sr. Lagares Pérez).

## **19.- FORMALIZACIÓN DE CONVENIO ADMINISTRATIVO PROXECTO UNIÓN AGRARIAS, PROGRAMA EQUAL.**

### INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Aproveitar para pór enriba da mesa algo do que xa se leva debatendo aquí quizais demasiado tempo, pero en todo caso nosoutros non somos culpables como grupo político de que estas propostas veñan a este pleno, e en concreto tamén a outros plenos. Sempre

que veñen propostas de convenios de colaboración salta o debate, que non a dúbida, senón o debate sobre a claridade que temos algúns de que nos merece todo tipo de respecto as entidades ás que se lle quere favorecer, no mellor dos sentidos da palabra, con estes convenios, pero tamén a dúbida de se iso é ou non unha política lineal, unha política global, por parte neste caso da Deputación da Coruña. Vaia por diante que nosoutros non temos en absoluto nada en contra da entidade coa que se trae a proposta para formalizar un convenio de colaboración, senón todo o contrario, pero que en calquera caso do que se trata aquí é de tomar unha decisión política, non de manifestar máis ou menos preferencias, ou disposicións boas ou malas fronte ás entidades que veñen aquí.

Neste senso, seguimos mantendo o criterio que xa dixemos noutros casos, que a nosoutros parécenos que se deba de fixar unha liña, un fío conductor respecto á política de convenios desta casa, e unha vez que se faga iso, entendemos que se pode discutir a necesidade, a idoneidade de que as diversas entidades, que supoño que non serán soamente as que veñen aquí, pois poidan participar, poidan establecer convenios coa Deputación da Coruña. Entre tanto, nosoutros, por reserva, precisamente por ese debate de fondo, imos manter esa posición de abstención, pero sempre, naturalmente, desde o máximo respecto que nos merece a proposta, neste caso concreto, que se presenta por parte de Unións Agrarias, de programa para subvencionar a través deste convenio.

Moitas grazas.

(Entra o Sr. Cendán Fernández).

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 23 deputados (15 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e Unións Agrarias para financiar a elaboración do proxecto que presentará Unións Agrarias ó programa comunitario Equal.

2.-A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 5.000.000 de pesetas.

A achega poderase efectuar consonte coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/322C/489.99.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

“A Coruña, de dous mil un

#### REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D. , en representación de Unións Agrarias.

#### EXPOÑEN:

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e Unións Agrarias consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar tódolos aspectos relacionados coa promoción de emprego na provincia da Coruña e coa eliminación de barreiras na integración da muller rural ó mercado laboral.

2.-Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo, información e mellora da promoción de emprego na provincia da Coruña.

3.-Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e Unións Agrarias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

#### ESTIPULACIÓNS:

##### PRIMEIRA.-OBXECTO:

O presente convenio ten por obxecto o de financiar o custo de elaboración do proxecto que vai presentar Unións Agrarias do programa comunitario Equal. O obxectivo



xeral do proxecto que se vai realizar é o de favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a cohesión social a través da xeración de emprego, a mellora da cualificación e da capacidade de inserción socio profesional das mulleres rurais na provincia da Coruña. Trátase de elaborar e definir con respecto a este colectivo os aspectos seguintes:

- \* Diagnóstico previo xeral.
- \* Obxectivos.
- \* Liñas de acción.
- \* Actividades que se van realizar.
- \* Metodoloxía de traballo e proceso de toma de decisións.
- \* Seguimento e evolución das accións.
- \* A agrupación de desenvolvemento.
- \* O partenarado transnacional.

#### SEGUNDA. OBRIGAS:

O proxecto será elaborado por Unións Agrarias nas condicións precisas que permitan acceder ás axudas establecidas na resolución do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 22 de marzo de 2001 e na iniciativa comunitaria Equal.

Unións Agrarias asume a obriga de facer constar a colaboración da Excma. Deputación Provincial da Coruña en tódolos soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

#### TERCEIRA. FINANCIAMENTO:

A Deputación da Coruña financiará o proxecto cunha achega de 5.000.000 de pesetas (cinco millóns de pesetas) co obxectivo de custear a elaboración do proxecto. A cantidade citada pagarase contra a presentación das facturas correspondentes referidas ás accións comprendidas no proxecto:

Dirección.....	1.200.000 ptas.
Técnico 1.....	800.000 ptas.
Técnico 2.....	800.000 ptas.
Técnico 3.....	800.000 ptas.
Gastos xerais.....	1.400.000 ptas.
Total.....	5.000.000 ptas.

#### CUARTA. NATUREZA XURÍDICA:

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con este será competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para

a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran surxir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos das Administracións públicas.

#### QUINTA. COMISIÓN MIXTA:

Co fin de coordinar as actuacións que se deriven do presente convenio establecerase unha comisión mixta que estará composta por dous representantes de cada entidade nomeados polo presidente da Corporación.

#### SEXTA. VIXENCIA:

O presente convenio finalizará a súa vixencia co cumprimento do obxecto previsto nel, e, en todo caso o día 30 de novembro de 2001.

#### SÉTIMA. NATUREZA E LEXISLACIÓN COMPETENTE:

O presente convenio ten natureza administrativa e as resolucións ou acordos que se adopten poñerán fin á vía administrativa e polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Correspóndelle ó Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que surxan na interpretación do presente convenio, aplicaranse supletoriamente a Lei 13/95 de contratos das Administracións públicas.”

### **20.- CONVENIO DE URBANIZACIÓN DE POLÍGONO DE TAMBRE.**

#### Sr. presidente

O punto nº 20, eu pídolle a esta Corporación que quede sobre a mesa por temas técnicos. Creo que non hai ningún inconveniente en que quede sobre a mesa.

Moitas gracias.

Por unanimidade, acórdase deixar este punto sobre a mesa.

### **21.-1ª RELACIÓN DO PLAN XXI PARA O FOMENTO DO TURISMO DA NATUREZA NA PROVINCIA DA CORUÑA.**

## INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Brevemente, porque se trata case case dun trámite, máis administrativo ca outra cousa, que é aprobar a primeira relación, pero en todo caso, como xa dixemos cando foi a aprobación do conxunto, é dicir, do que vén a ser o plan no seu conxunto, e agora xa evidenciamos, porque empezan a aparecer as obras, e un xa pode contrastar a realidade e o contido de cada unha das obras, e é que a verdade empezan a asomar serias dúbidas de se as propostas das bases, como se fan e como se precisan. A verdade é que eu vin aquí propostas que fan algúns concellos que, ben, cada un ten a súa idea, e ademais eu creo que iso é bo nunha sociedade plural proque aumenta a participación e a democracia, pero a verdade é que eu teño moitas dúbidas de que algunhas das propostas que se están facendo nalgúns concellos teñan algo que ver con turismo da natureza, é dicir, eu non sei se pór farolas entre unha rúa e outra fomenta o turismo da natureza, ou se comprar un tractor non sei para que se vai utilizar, se anda pola natureza si, pero ó mellor anda facendo outras cousas, en fin, a verdade é que nas bases, asemade que somos precisos para unhas cousas, para outras somos tan imprecisos, que despois, en nome dun plan que ten unha filosofía, e que ademais parte da filosofía que ten o grupo de goberno e que debatemos todos e todas aquí, pois despois, a verdade é que se a un se lle di, pónselle alí o rótulo de que “esta obra foi financiada con cargo ó problema de turismo da natureza”, pois case un se pon a tremar porque é precisamente a antítese do que realmente se quere facer. Eu quería lembrar aquí que en nome do programa de Arquitectura Popular asfaltáronse adros de igrexas.

É un chamamento para que, xa que dispoñemos de tan bos técnicos e dispoñemos de tan bos políticos nesta casa, pois que agrupemos o técnico e o político, e procuremos cando se fan as bases, que non se trata de impedir a ninguén que meta obras, senón que se trata de precisar, coma os que facemos o plan somos nosoutros, podemos facelo, de precisar o que pode ir incluído todo, é dicir, seguramente comprar unha carpa é fomentar o turismo da natureza, non o sei, teño as miñas dúbidas, non o sei, non sei para que é, ó mellor a carpa é para pór no medio dun prado, que veñan os paxaros, e entren e saian, seguramente iso fomenta o turismo da natureza, pero non sei se é para iso.

(Entra no salón os Sres. López Sueiro e Lagares Pérez).

Entón, eu, de verdade, si podemos precisar, de cara a futuros plans, de cara a ocasións posteriores, se podemos precisar, moito mellor, que eu creo que si se pode, as cousas que se teñen que facer, para que nos saia un plan e non de que saia unha suma de 547 obras, senón un plan, unha dirección, un obxectivo, respectando despois que cada concello poida meter dentro diso o que lle apeteza. Pero ben, canto menos ó noso grupo

queremos dicir que en principio non nos gusta nada algunhas cousas que están aparecendo incluídas porque temos moitas dúbidas de que iso teña que ver co fomento do turismo da natureza. Tamén nos podemos equivocar, e ó mellor o fomento da natureza é outro, pero ben, en todo caso, opinamos coa opinión que nosoutros temos.

Neste senso imos manter unha posición de abstención, porque tamén foi a posición que mantivemos cando se aprobaron as bases, e por iso eu fixen unha alusión ás bases, non foi por alongar o pleno, senón por remitirme a un debate que se deu aquí que eu creo que é a “nai de tódalas guerras”, neste caso “a nai de tódolos debates”.

(Saen os Sres. Domínguez García e Porto Serantes).

Sr. Varela Rey

Unicamente manifestar que eu creo que hai que distinguir entre o anecdótico, a excepcionalidade, e o criterio xeral. O criterio xeral pois podemos ler nas propostas “proxecto de limpeza das ribeiras do río”, “mellora de accesos á costa”, “mellora dos arredores de área de ocio e lecer”, “ampliación da área de ocio nun concello”, “proxecto de prazas públicas”, “edición de guía turística”, “ruta de sendeirismo”, “área recreativa”, “subministración de placas para sinalización”, é dicir, isto é o xeral, e o carácter excepcional, ou a excepción, pode ser algunha situación que poida parecer ó mellor anecdótica, pero en todo caso seguramente que contribuirá tamén ó que é o conxunto global do plan.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (2 do BNG; 1 PP e 1 do PSOE- por ausentarse na deliberación do asuntos e non estar presentes no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Examinados os informes emitidos pola Sección de Promoción Económica e Intervención Provincial, e por proposta verbal do presidente da comisión, decídese eliminar o punto 2º do informe da Sección de Promoción Económica.

1.-Aprobar a primeira relación de investimento do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza na provincia da Coruña. Os investimentos integrantes desta primeira relación e o detalle das obras e subministracións que se han contratar en cada concello quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

CONCELLO	OBX_SUB	OZTO	Achega. Deputación	Achega Concello	Outras Achegas
ABEGONDO	SINALIZACION LUGARES E ESPACIOS DE INTERESE PÚBLICO.	8.326.838	8.326.838		
* ABEGONDO	DESEÑO, REALIZACIÓN IMPRESIÓN DE GUÍA TURÍSTICA.	491.840	491.840		
AS PONTES DE GARCÍA RGUEZ.	PROXECTO BASICO DE EXECUCION DE REFORMA ESCOLA OBRADOIRO DAS PONTES PARA CENTRO EDUC. AMBIENTAL.	18.002.379	10.727.339	7.275.040	
* CAMARIÑAS	ALDEA MADEIRA.	11.963.344	11.089.653	873.691	
CARRAL	PROXECTO DE SINALIZACION CENTRO DE INTERPRETACION DO CONXUNTO HIDRÁULICO MUIÑOS DE BATAN.	2.931.900	2.931.900		
CARRAL	PROXECTO DE LIMPEZA DAS RIBEIRAS DO RIO ABELLEIRA EN COSTA DA ÉGOA.	1.000.000	1.000.000		
CARRAL	MELLORA DE ACCESOS EN COSTA EGOA.	273.785	273.785		
COIRÓS	MELLORA DO CONTORNO: AREA DE OCIO E ESPAREXEMENTO DE CORTELLA.	3.315.292	3.315.292		
CURTIS	AMPLIACIÓN DE AREA DE OCIO DE CURTIS	4.537.214	4.537.214		
DODRO	PROXECTO DE PRAZAS PÚBLICAS EN TALLÓS E DODRO.	5.354.197	5.354.197		
* FRADES	EDICION DE GUIA TURÍSTICA	696.000	696.000		
FRADES	RUTA DE SENDEIRISMO.	4.153.799	4.153.799		
IRIXOA	AREA RECREATIVA DE VERINES.	6.659.002	6.659.002		
LAXE	SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR PARA SERVICIOS MUNICIPAIS.	7.033.156	7.033.156		
MAZARICOS	SUBMINISTRACIÓN DUN VEHICULO TODO TERREO PARA A PROTECCION AMBIENTAL E PROMOCION CULTURAL	4.000.000	4.000.000		
MAZARICOS	SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA ROZADOIRA MECÁNICA CUN BRAZO PARA A LIMPEZA, MELLORA E ADECUACIÓN DA NATUREZA E DA PAIXASE.	2.600.000	2.600.000		
MAZARICOS	SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS DE SINALIZACIÓN PARA PROMOCION DE LUGARES, PATRIMONIO ARTÍSTICO E NATUREZA PARA PROMOCION TURISTICA.	2.453.116	2.453.116		
MUGARDOS	ÁREA RECREATIVA CAMPO DOS CARNEIROS E OUTRAS.	4.226.998	4.226.998		

NEDA	MELLORA AREAS DE OCIO MACIÑEIRA E COBELUDA.	5.051.858	5.027.404	24.454	
* NEGREIRA	VIDEO INFORMACIÓN TURÍSTICA.	1.000.000	1.000.000		
NEGREIRA	MELLORA DOS ARREDORES E EQUIPAMENTO EN ÁREAS RECREATIVAS DE CARBALLOSO, LIÑAIO, XALLAS, ARO E COVAS.	8.306.499	8.306.499		
O PINO	AREA RECREATIVA EN PONTE PEDRA E OUTROS.	4.946.636	4.500.267	446.369	
O PINO	MOBILIARIO URBANO EN AREAS RECREATIVAS.	1.931.400	1.931.400		
OUTES	ACONDICIONAMENTO ACCESO PRAIA DE BROÑA.	10.566.062	10.419.490	146.572	
PONTECESO	CONSTRUCCION DE ESCALEIRA DE CANTERÍA ENTRE CASA EDUARDO PONDAL E O CONCELLO PONTECESO.	9.619.980	9.619.980		
PONTECESO	INSTALACION DE FAROLAS ENTRE ACCESO A CASA EDUARDO PONDAL E O CONCELLO DE PONTECESO	2.227.454	2.227.454		
TRAZO	ACONDICIONAMENTO ÁREAS DE OCIO.	3.816.646	3.816.646		
TRAZO	SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO URBÁN PARA ÁREAS DE RECREO EN TRAZO.	1.000.000	1.000.000		
VIMIANZO	AREA DE OCIO EN TINES.	4.558.107	4.558.107		
VIMIANZO	ÁREA DE OCIO EN BRAIÑAS.	6.299.476	6.299.476		
ZAS	AREA RECREATIVA DE ZAS.	7.151.559	7.151.559		
Total.....		154.494.537	145.728.411	8.766.126	0

2.-A achega provincial ás obras incorporadas a esta relación, ascende a un total de 140.343.353.- ptas. será imputada á partida orzamentaria 0305/751A/76299, e os servizos incorporados ascenden a 14.151.184.- con cargo á partida 0305/751A/46299 correspondéndolle ós concellos 8.766.126.- ptas.

Programa	Oztos.	Achega Deputación	Achega Concello	Partida
Obras /subministracións	140.343.353	132.450.918	7.892.435	0305/751.A/762.99
* Servizos	14.151.184	13.277.493	873.691	0305/751.A/462.99

3.-A contratación das obras e subministracións, consonte co establecido nas bases da convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranse os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, axuntándoo ao prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitir á Deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realiza mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
- No caso de concurso ademais da "Acta apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servizos acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepción:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizara o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación á devandita, se así se considerase oportuno.

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable.

4.-Dispoñer a exposición pública da primeira relación de obras e subministracións do plan, aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que piodan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

5.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.- Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

## **22.- PAGAMENTO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Ó COLEXIO DE XORDOS NSA. SRA. DO ROSARIO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a concesión da achega de 3.650.000 ptas. correspondentes ó exercicio 2000 ó Centro Nosa Señora do Rosario de Educación Especial da Coruña, ó que asisten menores de concellos da provincia, coa finalidade de financiar parte dos gastos correntes das entidades asistenciais realizadas (cuidadora actividades extraescolares, servizos médicos psicolóxicos, pretalleres, escola de pais e gastos de administración), e que ascenden a 7.385.000 ptas.

O pagamento da totalidade da achega realizarase nos termos establecidos na base 48ª, 4º das de execución do orzamento, acreditando o cumprimento da actividade e prestando os documentos xustificativos de gastos, mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas debidamente.





Da fe do acto o secretario xeral da Excma. Deputación Provincial, don José Luis Almau Supervía.

## EXPOÑEN

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña ten competencias en materia de servizos sociais, segundo as previsións da Lei de servizos sociais 4/93 do 14 de abril, no seu artigo 22, así como no art. 5 do Decreto 240/95 (que regula os servizos sociais de atención primaria) competencias que se concretan no apoio ós concellos económico, técnico e xurídico para implantación e funcionamento dos servizos sociais, e especialmente ós de menos de 20.000 habitantes.

2.-Que os concellos así mesmo, en virtude das previsións da citada Lei 4/93 e do decreto 240/95 teñen atribuídas competencias para a prestación de servizos sociais.

3.-Que interesa ás citadas entidades establecer un convenio de cooperación, ó abeiro dos artigos 57 e seguintes da Lei de réxime local, e do 198.3 da Lei 5/97 de Administración local de Galicia, así como das bases de convocatoria de subvencións para servizos sociais municipais, publicadas por esta deputación, coa finalidade de garantir a prestación integral e adecuada dos servizos sociais de competencia municipal, no territorio provincial.

4.-Que para a formalización deste convenio existe consignación orzamentaria na aplicación 0701.313.K/462.00.

Polo exposto, establécense os termos desta colaboración co concello conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.-FINS

O presente convenio establécese para o desenvolvemento dos Servizos Sociais de competencia municipal que ha prestar o concello de

### SEGUNDA.- OBXECTIVO

O obxectivo desta cooperación consiste na axuda para as retribucións do persoal que se especifica no proxecto de traballo, directamente adscrito ós servizos de: información/orientación, apoio á unidade de convivencia e axuda a domicilio, segundo proxecto que se axunta como anexo I.

### TERCEIRA.- ACHEGA ECONÓMICA:

Para atención dos Servicios Sociais municipais expresados na cláusula 2ª, a deputación achegará as contías que se expresan nos períodos seguintes:

1º período xullo/dec. 2001: ptas.

2º período 2002: ptas.

3º período 2003: ptas.

Aplicarase o IPC anual, a partir do 01.01.2002 e 01.01.2003.

O concello poderá concorrer á convocatoria de outra axuda ou subvencións destinadas ós mesmos programas, para o financiamento de conceptos non cubertos por esta achega.

Para o pagamento do período 2001 existe consignación na partida D701/313R/46200.

### CUARTA.- COMPROMISO MUNICIPAL:

O concello de \_\_\_\_\_ comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do convenio e a complementar no necesario coa súa achega económica o custo dos programas obxecto do convenio, así como a xustificar a súa realización perante a Deputación provincial nas condicións e prazos que se detallen. Calquera variación no proxecto presentado haberá de ser solicitada mediante escrito razoado. En ningún caso poderá supoñer incremento da cantidade total comprometida pola deputación.

### QUINTA.- REQUISITOS PARA O PAGAMENTO

#### PAGAMENTOS:

##### 1.Período 01-07-2001/31-12-2001:

O 75% da achega provincial librarase a partir do presente convenio. O 25% restante, trala xustificación previa do dito período, que deberá realizarse antes do 31 de marzo de 2002.

##### 2.Período 01-01-2002/31-12-2002:

O 75% da dita anualidade, despois de xustificado o período anterior. O 25% restante trala xustificación previa que se realizará antes do 31.03.2003.

### 3. Período 01-01-2003/31-12-2003:

O 75% unha vez aprobado o proxecto anual e xustificado o período anterior.

O 25% restante trala xustificación previa que se realizará antes do 31.03.2004.

O 25% da achega provincial que se librará ó final de cada período, require achega da memoria e certificación de pagamentos efectuados por retribucións ó persoal directamente adscrito ós servicios obxecto de convenio, encadrados nos servicios de atención primaria, e dos ingresos obtidos para os mesmos conceptos e programas doutras Administracións públicas.

A xustificación requirirá informe dos Servicios Sociais e do Servicio de Contratación.

En ningún caso o importe total da achega provincial poderá ser de tal contía que, en concorrencia coas doutras Administracións públicas para a mesma finalidade, exceda do importe total xustificado.

### SEXTA.- SEGUIMIENTO:

O seguimento do dito proxecto de actuación efectuarase co apoio técnico da Sección de Servicios Sociais da Deputación, a cal poñerá a disposición dos concellos os medios de que dispón.

### SÉTIMA.- PRAZO:

O presente convenio terá unha vixencia comprendida entre o 1 de xullo de 2001 e o 31 de decembro de 2003.

### OITAVA.-

En caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ó reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do dito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

O incumprimento non xustificado das cláusulas do convenio será causa de rescisión deste.

NOVENA.-

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan surxir en relación con el serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº con data do

En en proba de conformidade, ámbalas partes asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados no encabezamento.

O PRESIDENTE,

O ALCALDE,

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo.:

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. José Luis Almau Supervía

**24.- PROPOSTA DE CONVENIOS DE ENTIDADES SOCIAIS: CONVENIO COA ENTIDADE ASFEDRO DE LOITA CONTRA A DROGA, PARA REHABILITACIÓN DO CENTRO TERAPÉUTICO DE CONFURCO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º)Aprobar o texto do convenio que se axunta como anexo ó presente dictame.

2º)Facultar á Presidencia para canto resulte procedente en orde ó correcto desenvolvemento do presente acordo.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN FERROLANA DE DROGODEPENDENCIAS-ASFEDRO PARA A MELLORA E ADAPTACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA COMUNIDADE TERAPÉUTICA O CONFURCO.**

A Coruña, de de

## **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luís Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Rogelio Rodríguez García, presidente de Asfedro (Asociación Ferrolana de Drogodependencias).

## **EXPOÑEN**

Que Asfedro é unha ONG sen ánimo de lucro, que presta asistencia integral ós drogodependentes: sanitaria, psicolóxica, educativa-terapéutica, e de reinserción socio-laboral.

Que a asistencia a tódolos usuarios é totalmente gratuíta, voluntaria e anónima.

Que pertence á rede asistencial do Plan de Galicia sobre drogas da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, sendo a entidade de referencia da consellería para asistir a drogodependentes nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal (21 concellos).

Que xestiona entre outros os seguintes servizos asistenciais:

-A comunidade terapéutica O Confurco: tendo atendido desde a súa posta en funcionamento en 1990 a 600 pacientes da provincia da Coruña, en réxime de internamento.

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.-**

O obxectivo deste convenio é o desenvolvemento na provincia da Coruña dos recursos destinados á atención de toxicómanos, mediante programas educativo-terapéuticos e de reinserción sociolaboral, a través da colaboración coa Asociación Ferrolá de Drogodependencias -Asfedro- na mellora e adaptación das instalacións da súa Comunidade Terapéutica na Granxa de Rehabilitación do Confurco en Doniños, Ferrol, obras que levarán a cabo os alumnos traballadores da escola-obradoiro, concretándose a colaboración da Deputación Provincial da Coruña no financiamento de material de obra necesario para este proxecto, sendo o importe deste material de 14.624.568 ptas. (87.895,42 euros) como

figura no orzamento de materiais do proxecto técnico redactado polo arquitecto Juan A. López Pérez de Gamarra.

#### **SEGUNDA.-**

Asfedro comprométese á execución do proxecto de mellora e adaptación das instalacións da súa comunidade Terapéutica de Doniños, en cumprimento do expresado como obxecto do presente convenio, realizando as obras previstas.

Son do seu cargo cantas autorizacións, seguros, licencias e cargas correspondan para a súa execución.

Así mesmo farase constar en todo tipo de información que realice en desenvolvemento da obra a colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente correspóndelle á asociación de remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seguimento del.

#### **TERCEIRA.-**

A deputación achegará ata 10.000.000.- ptas. (60.101,21 euros) para gastos de material de obra na execución do proxecto de reparacións e mellora da Granxa de Rehabilitación do Confurco en Doniños, Ferrol, sendo por conta de Asfedro a achega de man de obra, que levarán a cabo os alumnos-traballadores da escola-obradoiro, e a restante achega que se requira para executar o proxecto. A achega será con cargo á partida 0701/313M-780.99.

#### **CUARTA.-**

A.- A achega provincial aboarase do modo seguinte:

1º)Pagamento: o 50% trala presentación previa da documentación xustificativa a que se refire o punto B da presente cláusula.

2º)Pagamento: o 50% restante unha vez xustificada a totalidade da obra, trala presentación previa da documentación a que se refire o punto B da presente cláusula.

B.- A documentación xustificativa requirirá.

1º)Adquisición de bens: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

2º) Execución das obras: se as obras se executan por administración: certificación subscripta por técnico colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.

3º) Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada subscripta por técnico colexiado competente que poderá conter os gastos xerais, beneficios industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

4º) Sinalar a conta de titulariedade da fundación para efectuar os pagamentos.

5º) Para o cobramento do derradeiro prazo requirirase ademais a presentación de declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización do investimento para a que foi concedida.

6º) Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración se é o caso de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto, minorarase a achega da deputación ata a cantidade xustificada; no caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Se, para a realización do obxecto do presente convenio a fundación obtivera subvencións doutras entidades públicas ou privadas, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña.

Os pagamentos requirirán informe favorable da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos.

#### **QUINTA.-**

O período de vixencia do presente convenio será ata a finalización das obras que constitúe o seu obxecto, debéndose presentar a documentación xustificativa antes do 20 de maio de 2002, tendo por tanto vixencia ata esa data.

#### **SEXTA.-**

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.



**SÉTIMA.-**

Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

**OITAVA.-**

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia desta.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día .

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN  
FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Rogelio Rodríguez García

O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN

Asdo.: José Luis Almau Supervía

**25.- CONVENIO COA ENTIDADE REMANSO PARA CONSTRUCCIÓN DO EQUIPAMENTO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.**

(Entran os Sres. Domínguez García e Porto Serantes).

## INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Moi brevemente, e para que se entenda tamén porque no punto 24 mantemos unha posición, e por que no punto 25 matizamos posición e polo tanto o voto sae doutra maneira.

(Entra o Sr. Erias Rey).

É evidente que é unha cousa ben diferente encontrarse unha entidade que vén prestando as súas funcións desde hai xe tempo, no que se contrasta o seu traballo, e no que ademais se evidencia que está cumprindo unha función que os organismos públicos non están cumprindo e que polo tanto tivo que ser a sociedade civil que se armou e tivo que lle dar solución, estoume referindo neste caso concreto ó tema de Asfedro, como se me referira a outro, pero falo dese porque ademais coñezoo e porque participei, da maneira máis humilde que me correspondía, pero participei na súa fundación. Pero en calquera caso, quero dicir que caso distinto é o que acabo de explicar, porque ademais, desgraciadamente, aínda a Administración pública non se tomou en serio unha política das institucións respecto ó problema da prevención e da atención ó fenómeno da drogadicción, e en calquera caso surxen iniciativas, como a que surxiu aquí, e hai que axudalas. E un caso diferente no que nosoutros nos encontramos, que non sei se acabará igual ou non, non o sei, pero en todo caso a min no me gustaría que acabara igual, porque se aquí o que se está tratando é que hai unha entidade dun concello da Coruña, en pleno século XXI, que lle está pedindo diñeiro á deputación para facer máis nada e nada menos ca unha residencia á terceira idade, é que algo falla, e que os poderes públicos, neste caso entendo eu a Administración autonómica, non están sendo sensibles a unha necesidade básica, que é a atención ós nosos maiores. E polo tanto, creo que cousa diferente sería se o que se estivera tratando é que nesa residencia houbera que facer algún tipo de actuación, ou algún tipo de obras complementarias, ou algún tipo de programas específicos, e nosoutros, quixeramos ou non quixeramos colaborar, poderíamos discutilo, pero a miña gran sorpresa é que o que se está falando aquí é de que nosoutros contribuíamos realmente á construción de algo que lle corresponde competencialmente á comunidade autónoma. Entón, a min ponme un pouco os pelos de punta que continuemos nesa tónica de ter que estar asumindo actuacións en competencias que eu creo..., e sobre todo nunha coma esta, que é sensible e que pode dar lugar a malinterpretacións, mesmo a posición que estamos mantendo nosoutros como grupo case case afirmo que dará lugar, non a malas interpretacións, senón posiblemente a malformacións, pero queremos dicir o que pensamos, claro, non abramos aquí a espicha para que nos creamos que aquí pódese facer con todo, de todo.

A nosoutros non nos gusta nada en principio que esta institución teña que colaborar na construción dun centro que lle corresponde competencialmente, naturalmente, á

comunidade autónoma. Neste senso, imos manter unha posición de abstención, pero eu creo que estamos sendo, dalgunha forma, pouco activos na iniciativa política, é dicir, esta deputación parece que só resolve os problemas con diñeiro, e hai veces que tamén hai que usar a iniciativa política, a intermediación política, non para aforrar cartos, que ó mellor os temos que poñer igual, senón para tocar a campá, para pulsar no botón da institución correspondente, da institución que ademais ten a competencia para que se dea conta de que ten flancos sen cubrir. Neste caso concreto, aquí o cadro que eu vexo é unha cidade como A Coruña nunha demanda por unha institución para unha residencia da terceira idade, e unha deputación tendo que solucionar o que non está facendo neste caso concreto a institución autonómica.

(Sae o Sr. López Sueiro).

Neste senso vai a nosa abstención, que non noutro, e naturalmente quixeramos que se tratara dun caso completamente diferente, pero xa digo, tamén un pouco por coherencia co que se está facendo con outros casos, algún día teremos que ver se estamos cubrindo simplemente as cousas que non fan outras institucións, ou se estamos facendo realmente iniciativa política, que eu creo que é a que neste caso posiblemente estea faltando. Neste senso, reitero a nosa posición de abstención.

Sr. Varela Rey

Na liña argumental que apunta o deputado do BNG de que a atención para a terceira idade pode ser competencia da Xunta, na mesma liña poderíamos argumentar que tamén a atención a drogodependientes pode ser competencia da Xunta. Igual que poderíamos argumentar que todo, absolutamente, debería ser competencia da Administración. Pero eu creo que tamén debemos pensar, ou matizar, que outras entidades ou outras institucións poden facer un magnífico labor, como neste caso.

Eu creo que o tema dos maiores non é un problema de presente; é un problema de futuro, realmente é unha preocupación de tódalas sociedades, sobre todo con maior nivel de vida, e por máis abundamento, hai determinadas institucións que están apostando por axudar, entidades financeiras, por exemplo dentro do programa de Caixa Galicia, de cara a investimento de futuro, Caixa Galicia vai facer un importante esforzo económico, de que parte das súas gañancias se van investir en atención ós maiores, ¿non? Pois eu creo que tamén é bo que desde unha institución como é a deputación tamén se colabore neste senso. Loxicamente, non deixando unicamente ás entidades privadas esa función, pero eu creo que nese binomio, esa convivencia entre a achega que poidan facer as institucións públicas e o que poidan facer tamén as entidades privadas, eu creo que aquí requírese maior pluralidade, que hai maior achega, creo que hai un maior compromiso, unha maior corresponsabilidade, eu creo que iso é favorable para a nosa sociedade, que enriquece incluso determinadas

aspiracións para, ó final, tratar de incidir nun sector sensible, e polo tanto nosoutros cremos que esta é unha boa posición por parte da institución provincial para axudar a este colectivo a través desta fundación.

(Sae o Sr. Villamor Calvo).

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados ( 2 do BNG; 1 do PP e 1 do PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º)Aprobar o texto do convenio que se axunta como anexo ó presente dictame.

2º)Facultar á Presidencia para canto resulte procedente en orde ó correcto desenvolvemento do presente acordo.”

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN REMANSO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA TERCEIRA IDADE.**

A Coruña, de de 2001.

### **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña

Dna. Carmen Rodríguez-Losada Trulock, presidenta da fundación Remanso clasificada de interese asistencial pola Xunta de Galicia (Orde do 10.11.99) e inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego por orde do 25 de novembro de 1999.

### **EXPOÑEN**

Que entre os obxectivos da Fundación Remanso, sen ánimo de lucro está o crear servicios de atención ás persoas maiores dependentes, en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que con esta finalidade, iniciaron a creación dun centro residencial mixto para persoas da terceira idade de escasos recursos.

Que a súa vez a deputación actúa conforme coas súas competencias propias, determinadas no art. 22 da Lei de Servicios Sociais 4/93 e 109 e 118 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia.

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.-**

A Deputación fórmulase como obxectivo deste convenio o desenvolvemento na provincia dos recursos destinados á atención á terceira idade colaborando coa fundación titular do centro concretándose a actuación da deputación no financiamento das obras que figuran no orzamento 155/01 da empresa Proycoga que figura como anexo, e ata o límite da achega que se indica na cláusula 3ª, co contido seguinte:

\*Cerramentos de fachada, cuberta superior, cuberta zona inferior, remates de cuberta por importe de 19.460.369 ptas.

### **SEGUNDA.-**

A Fundación Remanso comprométese ó cumprimento do expresado como obxecto do convenio, realizando as obras previstas.

Serán do seu cargo, cantas autorizacións, seguros, licencias e cargas correspondan para a súa execución.

A fundación fará constar en todo tipo de información que realice en desenvolvemento da obra a colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente lle corresponde á fundación a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio; e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seguimento deste, en tanta información se solicite.

### **TERCEIRA.-**

A Deputación achegará un máximo de 10.000.000.- de ptas. para gastos de execución da fase da obra para o 2001 presentado, sendo a cargo da fundación a restante achega que se requira para executar o proxecto, con cargo á partida 0701/313M/78099 do orzamento vixente.

### **CUARTA.-**

A.-A achega provincial na súa totalidade aboarase trala presentación previa da documentación xustificativa da realización do gasto establecido no convenio, do modo seguinte:

#### **1º.-EXECUCIÓN DAS OBRAS**

a)Se as obras se executan por Administración: certificación subscripta por técnico colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material e facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.

b)Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada subscripta por técnico colexiado competente que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

2º.-Sinalarase a conta titularidade da fundación para efectuar o pagamento.

3º.-Requirirase ademais a presentación de declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización do investimento para a que foi concedida.

4º.-Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración se é o caso de non ter outras axudas públicas ou privadas.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto, minorarase a achega da deputación na porcentaxe correspondente ó financiamento previsto da actividade, que é o 51,39% da cantidade xustificada; no caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Se para a realización do obxecto do presente convenio a fundación obtivera subvencións doutras entidades públicas ou privadas, minorarase a achega da Deputación provincial da Coruña, de forma tal que o total das subvencións obtidas non supere o 10% do importe do gasto xustificado.

Os pagamentos requirirán informe favorable da Sección de Servicios Sociais, do Servicio de Patrimonio e Contratación e de Intervención de Fondos.

#### **QUINTA.-**

O período de vixencia do presente convenio será ata a finalización do que constitúe o seu obxecto, debéndose presentar a documentación xustificativa antes do 28 de febreiro de 2001 tendo por tanto vixencia ata o 28 de febreiro de 2002.

#### **SEXTA.-**

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outras entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

#### **SÉTIMA.-**

Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos ó que deu lugar a concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

#### **OITAVA.-**

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día .

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN  
REMANSO

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Carmen Rodríguez-Losada Trulock

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN

Asdo.: José Luis Almu Supervía

**26.- CONVENIO CO CONCELLO DE CARBALLO PARA O FINANCIAMENTO  
DO EQUIPAMENTO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.**

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Vou ser o máis breve que poida, que vai ser bastante breve.

Deixando de lado o que me acabo de referir, por que cuns si e con outros non, que é o tema concreto, eu creo que soa un pouco forte, no programa en concreto das piscinas cubertas eu creo que temos todas e todos na mente a sangría, que se fixo non, que se está facendo, neste pleno aínda se acaba de discutir un caso concreto polo menos, da sangría que supuxo para as arcas unha mala xestión e a elaboración dunhas bases que non eran boas, e despois unha mala iniciativa política, por dicilo dalgunha maneira. Eu non sei se a liña, á parte de suplementar, antes referíase o compañeiro do PSOE e ten razón, efectivamente, non é responsabilidade dos concellos, polo menos nestes casos que estamos mirando, non é responsabilidade dos concellos que os proxectos foran mal -neste caso concreto, noutros tamén hai responsabilidade dos concellos, pero neste caso non-, pero o que é evidente é que aí hai unha vara para medir que é diferente no caso duns e no caso doutros. Ó concello de Carballo, contra o cal non teño nada, nin contra o seu alcalde, nin contra os seus cidadáns, nin contra ninguén en absoluto, todo o contrario, e que a min xa me gustaría que non tivera que vir aquí este tema, pero eu formo parte desta corporación e polo tanto opino do que vexo, entón ó concello de Carballo acábaselle de aprobar noutro dos puntos deste pleno un modificado de case case trinta millóns de pesetas para a mesma obra, un reformado que non é responsabilidade do concello de Carballo. E ó concello de Carballo fáiselle agora un convenio, singular, moi específico, que non sei se será dos primeiros que se fai para estes temas, porque é -dá a impresión- poñer a piscina practicamente a tope de funcionamento, e a min se me din vostedes agora que esa vai ser a liña que van manter co resto das piscinas



que non queden dotadas no tocante a infraestructuras e medios, nosoutros imos variar o voto, é dicir, eu vótolle que si. Se a liña do grupo de goberno vai ser asinar un convenio con tódolos concellos, que polas razóns que aquí xa sabemos, vanse encontrar con piscinas que na maioría, eu diría que na totalidade dos casos, van quedar a cero no tocante a infraestructura e a medios, é dicir, sen o que lle van a pór ó concello de Carballo, é dicir, sen a sinalización interior, sen a bañeira de hidromasaxe, sen os secamáns, sen as xaboneiras, sen os aros salvavidas, sen as perchas, etc., etc., é dicir, se a tódolos concellos se lles vai facer unha dotación similar para as piscinas que se fixeron a través do Plan da deputación o noso voto vai ser favorable. Eu adianto que podemos cambiar o noso voto se iso vai ser unha liña de complemento para todo o mundo; se non vai ser esa liña, nosoutros ímonos abster, porque claro, a piscina de Carballo necesitará, é verdade, todos estes complementos para funcionar en condicións, que non é tirarse á auga e saír para fóra, iso é un charco, unha piscina leva todo un equipamento; se ese equipamento se lle vai poñer a tódalas piscinas que foron co plan, *chapeau*, por nosoutros non hai ningún tipo de problema, pero en principio, a nosa estrañeza porque veña nun convenio, ademais a través da forma de convenio.

Polo tanto, eu quería que alguén do grupo de goberno nos clarifique tamén isto, porque claro, se vai ser, como é de momento, unha actuación singular, porque senón, non viría a través dun convenio, sería un convenio con tódolos concellos incluídos no plan de piscinas cubertas para a dotación de infraestructuras en cada unha das piscinas que se fixeron a través dese plan, senón, isto queda moi coxo. E vaia a miña reiteración de que os habitantes de Carballo teñen todo o dereito, igual có resto -e por iso digo igual có resto-, a dispoñer dunha piscina municipal cuberta en condicións con todo tipo de infraestructuras.

Neste senso, nosoutros en principio iamos abstermos, pero se o grupo de goberno nos adianta que isto é unha liña para o conxunto das obras que se fixeron a través deste plan, estamos dispostos a variar o voto.

(Entra no salón a Sra. Vázquez Veras).

Sr. Fernández Moreda

Eu tamén vou ser breve, máis breve có Sr. Doval, cousa que non é nada difícil, nada difícil ser máis breve có Sr. Doval, aínda a pesar de que anuncie que vai ser breve. Imos abstermos neste punto, en gran parte do que dixo ten razón, se isto é un trato que se vai dar a tódolos concellos que fixeran piscinas municipais, pois ben, pois hai un convenio para todos, é unha decisión que podemos recibir agradablemente; se non é así, non é razoable, porque isto pódese conseguir coas subvencións que ten a deputación, entón debemos tratar de que tódolos concellos teñan as mesmas oportunidades, e aquí está claro que hai concellos que non teñen as mesmas oportunidades có concello de Carballo. Eu felicito ó alcalde de

Carballo por conseguilo, porque se non o intentase sería un mal alcalde, pero é unha inxusticia, polo tanto imo votar abstención.

Sr. Varela Rey

Non quixera vir aquí a este salón a defender ningún tema inxusto, e menos se afecta ó concello de Carballo. Unicamente vou dar dous datos para pór encima da mesa: primeiro, que para esta obra o concello achega 50 millóns; e segundo que o reformado supuxo un 16%, pero que parece que por situacións técnicas, se o reformado en lugar de ser o 16% fora o 20%, cubriría folgadoamente estas cantidades. Polo tanto, estamos falando da achega municipal, 50 millóns; o reformado, o 16% sobre a obra; e que o 4% sería ata o vinte o límite, sobraría diñeiro para non ter que traer este convenio, pero parece ser que por procedemento era necesario. Polo tanto, o que si non me gustaría é que nin o concello de Carballo tivera ningún trato de favor nesta casa, e a min custaríame moito defendelo.

Pero en todo caso, gustaríame que tampouco polo feito de ser o voceiro non pudieramos ter a mesma atención que ten calquera concello na mesma situación. Polo tanto, neste senso, si que terei que defender.

Sr. presidente

Home, eu creo que debe entenderse que un elevador hidráulico para discapacitados e os flotadores para dividir as rúas da piscina, que é necesario, á parte doutras cousas, para o funcionamento da piscina, polo tanto eu creo que calquer piscina que non estea dotada diso hai que dotala, e por isto así debe ser nun futuro, se non é así.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (9 do PSOE e 3 do BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a subscrición dun convenio de colaboración co concello de Carballo para o financiamento do equipamento da piscina cuberta municipal, conforme co texto que se une como anexo.

2.-Aproba-la achega da deputación, por importe de 7.000.000.- ptas. (42.070,85 euros) que supón unha porcentaxe de financiamento do 95,74% do orzamento total.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE ÁMBALAS INSTITUCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO DA PISCINA CUBERTA DE CARBALLO.**

A Coruña, de de 2.001.

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, don José Luis Torres Colomer, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía.

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do concello de Carballo, don Manuel Varela Rey.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

**EXPOÑEN:**

1º.-No convenio Xunta-Deputación para a reforma e construción de instalacións deportivas 1997-2001, figura incluída a obra Piscina cuberta en Carballo.

2º.-A execución desta obra e o conseguinte esforzo investidor (213.737.278.- ptas. de contrata e 204.461.080. ptas. de adjudicación correspondente ó proxecto inicial e reformado) representa xa unha mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, permitíndolles gozar dunhas instalacións idóneas para a práctica do deporte, actividades de ocio, así como actividades terapéuticas e de rehabilitación.

Non obstante, ámbalas institucións consideran que é preciso dotar á piscina e instalacións de elementos de equipamento non previstos no proxecto pero que o complementar e que contribuirán a facer óptimas as instalacións, ofrecendo a necesaria diversificación da oferta para un mellor goce das instalacións polos usuarios.

3º.-Neste senso se ben o proxecto xa contemplaba medidas para a supresión de barreiras arquitectónicas para minusválidos considérase conveniente dotar ás instalacións dun elevador para discapacitados que facilitará moi significativamente a utilización das instalacións por este colectivo.

Así mesmo outro equipamento como sauna e hidromasaxe, waterpolo, equipamento de seguridade (maior número de salvavidas, etc.) contribuirán a mellorar notablemente a prestación deste servicios ós cidadáns.

Por todo o cal:

### **ACORDAN:**

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes **CLÁUSULAS:**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para o financiamento do equipamento de piscina cuberta de Carballo, do que a descrición figura como anexo.

#### **SEGUNDA.-FINANCIAMENTO**

A deputación provincial da Coruña financiará o equipamento sinalado na cláusula anterior cunha achega máxima de 7.000.000.- ptas. (42.070,85 euros), financiándose con cargo á aplicación orzamentaria 0601/452C/76299.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 95,7406292% do total dos gastos; non obstante será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

#### **TERCEIRA.- CONTRATACIÓN**

Correspóndelle ó Concello de Carballo a contratación do equipamento, consonte co establecido no Decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas e conforme ós pregos-tipo de subministración da Deputación Provincial da Coruña, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial na sesión celebrada o 30 de marzo de 2.001.

#### **CUARTA.-ACHEGA DA DEPUTACIÓN.**

A deputación aboará a súa achega ó Concello de Carballo á presentación da correspondente factura e acta de recepción aprobadas polo órgano competente do Concello de Carballo, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula 2ª.

Este pagamento realizarase nun máximo de dous prazos.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula 2ª.

No suposto de que o importe final da subministración fose superior, calquera exceso que resultase na cantidade sinalada será por conta do Concello de Carballo.

O importe total da achega da Deputación, en concorrencia coas achegas doutras institucións públicas ou privadas, non poderá superar o importe total do equipamento obxecto do presente convenio acreditado mediante os oportunos xustificantes de gasto.

Para estes efectos o Concello de Carballo comunicarlle á Deputación a totalidade das achegas obtidas para o financiamento da contratación dos equipamentos recollidos neste convenio.

No suposto de que non se xustificara a totalidade dos gastos ou se tivera financiamento doutras entidades, minorarase a achega da Deputación da Coruña ata cubrir o 95,7402692% da cantidade xustificada non financiada.

#### **QUINTA.-DESTINO E COMPROBACIÓN POLA DEPUTACIÓN.**

O Concello de Carballo comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, podendo comprobar a Deputación da Coruña, cando o estime pertinente, os equipamentos subministrados conforme ó presente convenio.

Os equipamentos adquiridos conforme ó presente convenio pasarán a ser bens de titularidade municipal sendo a custa do Concello de Carballo o mantemento e adecuada conservación destes.

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Co fin de establecer un seguimento coordinado da execución do presente convenio e realizar as funcións a que se refire a cláusula 8ª constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polos seus respectivos presidentes.

#### **SÉTIMA.-VIXENCIA**

O presente convenio iniciará a súa vixencia na data da súa sinatura e finalizará antes do 30 de abril de 2002, debéndose entregar a documentación xustificativa sinalada na cláusula 4ª dentro do dito prazo.

#### **OITAVA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

Correspóndelle ó Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio, tralo informe previo da Comisión de Seguimento.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que surxan na interpretación do presente convenio aplicarase supletorialmente o Decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño.

En proba de todo o cal asinan o presente documento por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O ALCALDE PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CARBALLO

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Manuel Varela Rey

O SECRETARIO DA CORPORACIÓN

Asdo.: José Luis Almau Supervía

#### **ANEXO**

#### **ORZAMENTO DO EQUIPAMENTO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE CARBALLO.**

1 Elevador hidráulico discapacitados	526.380.-
76 Perchas metálicas inoxidables	64.448.-
3 Aros salvavidas aceiro inoxidable	35.229.-
3 Postes e flotadores de saídas falsas	132.852.-
1 Xogo de porterías de waterpolo	280.000.-

2 Saunas de madeira de abeto	1.071.740.-
2 Torniquetes unidireccionais c/fichas	562.994.-
1 Rotulación da fachada	785.320.-
1 Sinalización interior	215.600.-
2 Bañeiras hidromasaxe	1.276.920.-
222 Asentos de bancada	796.314.-
11 Dosificadores de xabón	52.292.-
11 Secamáns por aire quente	346.038.-
26 Xaboeiras acero inoxidable	48.360.-
1 Varanda saída piscina aceiro inoxidable	9.583.-
2 Corcheiras división de rúas	98.902.-
	<hr/>
Total base imponible	6.302.972.-
IVE (16%)	1.008.476.-
<b>Total</b>	<b>7.311.448.-</b>

**27.- RATIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO, COMO PATRÓN INSTITUCIONAL E ABOAMENTO DAS ACHEGAS CORRESPONDENTES ÓS ANOS 2000 E 2001.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Ratifica-la integración da Deputación da Coruña no Padroado do Museo do Pobo Galego como Patrón Institucional.

2.-Aboar ó Padroado do Museo do Pobo Galego as achegas correspondentes ós anos 2000 e 2001, por importe de 500.000 ptas. cada unha delas, en concepto de cota.

3.-Calquera modificación da cota no futuro deberá recollerse expresamente nas Bases de execución do presuposto provincial para o correspondente exercicio.”

## **28.- RATIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA COMO MEMBRO ASOCIADO E ABOAMENTO DAS ACHEGAS CORRESPONDENTES ÓS 2000 E 2001.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Ratificación da integración da Deputación da Coruña na Fundación Galicia Europa como Membro Asociado.

2.-Aboar á Fundación Galicia Europa as achegas correspondentes ós anos 2000 e 2001, por importe de 4.000.000 ptas. cada unha delas, en concepto de cota.

3.-Calquera modificación da cota no futuro deberá recollerse expresamente nas Bases de execución do presuposto provincial para o correspondente exercicio.”

Sr. presidente

Esta Presidencia pide outra vez a esta corporación, neste caso non que quede sobre a mesa, senón a incorporación á orde do día dos puntos 29, 30 e 31.

## **29.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE NOVEMBRO DE 2001.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ó Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de novembro correspondería celebrala o día 30 desemes e que a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2002 debe efectuarse o 23 de novembro como data límite para garantir que poida entrar en vigor coincidindo co novo ano.



Polo tanto, co fin de evitar dentro do posible a acumulación de sesións plenarias e como excepción singular do réxime ordinario establecido o 10 de setembro de 1999,

PROPÓN Ó PLENO, trala ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ó undécimo mes de 2001 celebrárase o día 23 de novembro, venres, a partir das doce horas.”

**30.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: RENUNCIA DO DIPUTADO PROVINCIAL D. MANUEL MOSCOSO LÓPEZ. TOMA DE COÑECEMENTO E DECLARACIÓN DE VACANTE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ó seu cargo polo deputado provincial Sr. Manuel Moscoso López.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declara-la vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, ós efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

**31.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: RENUNCIA DO DIPUTADO PROVINCIAL D. JESÚS VILLAMOR CALVO. TOMA DE COÑECEMENTO E DECLARACIÓN DE VACANTE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ó seu cargo polo deputado provincial Sr. Jesús Villamor Calvo.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declara-la vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, ós efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral .”

Sr. presidente

Hai unha moción, que por motivos técnicos non entrou na orde do día, a renuncia do deputado compañeiro Sr. Toja, polo tanto pido que se aprrobe a urxencia desa moción.

Por unanimidade, apróbase a urxencia.

Sr. presidente

Aprobada a urxencia, a proposta é a toma de coñecemento tamén da renuncia do deputado Sr. Toja Parajó.

**PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA : RENUNCIA DO DEPUTADO PROVINCIAL D. JOSÉ TOJA PARAJÓ. TOMA DE COÑECEMENTO E DECLARACIÓN DE VACANTE.**

1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ó seu cargo polo deputado provincial Sr. José Toja Parajó .

2.-Como consecuencia do punto anterior, declara-la vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, ós efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

**ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Fernández Moreda

Brevemente tamén, para expresar no nome do grupo socialista o respecto e a amizade ós tres compañeiros deputados que hoxe presentan a súa dimisión. Sei que é por cuestións internas do partido, pero quero testemuñar en nome de todo o grupo o afecto e a amizade, o que pon de manifesto que, compartindo distintas ideoloxías, hai moitas cousas que nos unen, e pódese ter unha amizade, unha amizade como a que temos cos tres deputados. Lamento que por circunstancias internas do partido teñan que abandonar esta deputación, e botáremolos de menos, e se me permiten un pouco máis ó Sr. Moscoso porque foi, e demostrou o seu talante dialogante na Presidencia da Comisión de Cooperación e Asistencia a Municipios, e que somos arrieiros e encontráremonos, se deus quere, moitas veces no camiño.

(Aplausos).

Sr. presidente

Todos botaremos de menos ós tres compañeiros que nos deixan temporalmente, pero como alcaldes que son, sen dúbida estarán con frecuencia nesta casa, e nosoutros encantados de velos aquí.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e corenta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.